

MESTRADO EN POLÍTICAS SOCIAIS E INTERVENCIÓN SOCIOCOMUNITARIA  
TRABALLO DE FIN DE MESTRADO  
CURSO ACADÉMICO 2021-22  
CONVOCATORIA DE XUÑO

# **Emigración galega en Suíza a partir de 2008: a cualificación no punto de mira**

**Emigración gallega en Suíza a partir de 2008: la cualificación en  
el punto de mira**

**Galician emigration in Switzerland from 2008: qualification  
in the spotlight**



SERGIO PARCERO MARIÑO  
DIRIXIDO POR: ANTÍA PÉREZ CARAMÉS



## RESUMO

A emigración en Galicia é un proceso de percorrido e importancia histórica. Con numerosos precedentes xeográficos en todo o mundo, a influencia da emigración galega traspasa fronteiras e séculos ata chegar aos nosos días. Países como Suíza serviron durante décadas para que xentes con pouca cualificación viran saída a complicadas situacións económicas e persoais. Porén, na actualidade semella que esa emigración pouco cualificada deixou de existir, dando paso ao que se coñece como *fuga de cerebros*. Esta, trátase dunha xeración de formación superior que ve impedido o desenvolvemento profesional na súa terra e que eclipsa a realidade da emigración menos formada. Ao redor desta idea e cun enfoque cualitativo mediante entrevistas, o presente traballo trata de observar as actuais diferenzas nos procesos migratorios galegos segundo o grao de formación, así como coñecer a vixencia e influencia das redes migratorias pasadas nas experiencias presentes.

**Palabras chave:** emigración, cualificación, traballo, Galicia, Suíza.

## RESUMEN

La emigración en Galicia es un proceso de recorrido e importancia histórica. Con numerosos precedentes geográficos en todo el mundo, la influencia de la emigración gallega traspasa fronteras y siglos hasta llegar a nuestros días. Países como Suiza sirvieron durante décadas para que las gentes con poca cualificación vieran salida a complicadas situaciones económicas y personales. Sin embargo, en la actualidad parece que esa emigración poco cualificada dejó de existir, dando paso a lo que se conoce como *fuga de cerebros*. Esta, es trata de una generación de formación superior que ve impedido el desarrollo profesional en su tierra y eclipsa la realidad de la emigración menos formada. Alrededor de esta idea y con un enfoque cualitativo mediante entrevistas, el presente trabajo trata de observar las actuales diferencias en los procesos migratorios gallegos según el grado de formación, así como conocer la vigencia e influencia de las redes migratorias pasadas en las experiencias presentes.

**Palabras clave:** emigración, cualificación, trabajo, Galicia, Suiza.

## **ABSTRACT**

Emigration in Galicia is a long-term process of historical importance. With numerous geographical precedents throughout the world, the influence of Galician emigration crosses borders and centuries to the present day. During decades, countries like Switzerland helped low-skilled people find a way out to their complicated economic and personal situations. However, nowadays it seems that this low-skilled emigration has ceased to exist, giving way to what is known as brain drain, a generation with higher education that is prevented from professional development in their homeland. Around this idea and with a qualitative approach through interviews, the present work tries to analyse the current differences in the Galician migratory processes according to the level of education, as well as to know the validity and influence of the past migratory networks over the present experiences.

**Key words:** emigración, qualification, work, Galicia, Switzerland.

# Índice

1. Introducción .....	3
1.1. Presentación do problema e obxectivos da investigación.....	5
2. Marco teórico.....	7
2.1. Perspectiva histórica: a emigración transoceánica.....	7
2.2. Perspectiva histórica: a emigración continental.....	8
2.3. A emigración actual: de Galicia ao mundo enteiro.....	11
2.3.1. Intensidade e destino da emigración actual .....	11
2.3.2. Diferenzas de xénero e idade na emigración actual .....	13
2.4. Definición das fases e procesos migratorios .....	14
2.4.1 Traxectoria previa .....	15
<i>Diferenciación entre os distintos niveis de formación</i> .....	15
<i>Diferenciación entre traballo cualificado e non cualificado</i> .....	19
2.4.2. Motivacións .....	21
2.4.3. Adaptación ao novo entorno .....	24
3. Metodoloxía.....	26
3.1. A entrevista como ferramenta de análise .....	26
3.2. O guión e a súa estrutura.....	27
3.3. Antecedentes metodolóxicos similares .....	28
3.4. Metodoloxía inicial e metodoloxía finalmente aplicada.....	29
4. Resultados.....	34
4.2. Obxectivo 2.....	38
4.3. Obxectivo 3.....	41
4.4. Obxectivo 4.....	45
5. Conclusións .....	49

## Índice de táboas

Táboa I. Nivel de formación para o total da poboación galega para os anos 2014, 2018 e 2022 .....	17
Táboa II. Nivel de formación de homes en España por grupo de idade para os anos 2014 e 2020 .....	18
Táboa III. Nivel de formación de mulleres en España por grupo de idade para os anos 2014 e 2020 .....	18
Táboa IV. Tipoloxía das persoas entrevistadas .....	31

## Índice de figuras

Figura 1. Número de emigrantes galegos e españois en Suíza (Período 2010-2014) ....	13
Figura 2. Porcentaxe de homes e mulleres adicados ao traballo non cualificado nos anos 2011 e 2021 .....	21
Figura 3. Localización xeográfica das persoas entrevistadas .....	32

# 1. Introducción

Estudar a emigración sempre foi un feito salientable en calquera momento da historia. Os fluxos e a mobilidade da poboación é un fenómeno inherente ao ser humano. Con todo, dende 2008 e para o caso concreto de Galicia, a importancia viuse notablemente incrementada por mor da crise económica que se viviu. Dende o estalido da burbulla inmobiliaria hai xa case tres lustros, estableceuse como idea predominante que, inmersa no século XXI, toda emigración que se levara a cabo durante os presentes anos sería cun alto nivel de cualificación na mochila e cun contrato de traballo cualificado debaixo do brazo. Por contra, a estatística amosa que, a pesar de que boa parte da poboación presenta unha formación cada vez maior, un importante sector da xuventude continúa a ter estudos medios ou obrigatorios (Instituto Nacional de Estadística [INE], 2022). Desta forma, analizar a emigración daquelas xentes que o fan cunha menor cualificación e cun menor nivel de estudos que a media implica poñer en cuestión unha idea socialmente imposta e aceptada que aínda na actualidade segue a predominar.

Co fin de analizar o fenómeno mencionado, a presente investigación sitúase en Suíza como centro da análise. Referente histórico da emigración galega (Picatoste, 2015; Álvarez, 1995), o país helvético representa un escenario xeográfico concreto que permite analizar a emigración actual nun destino historicamente recorrente para a diáspora. Con máis de 8000 galegos e galegas emigradas durante o período 2002-2017 (INE, 2022), este país da Europa Central trátase do principal destino migratorio no que vai de século. Cunha importante presenza de emigración chegada e asentada durante os últimos 50 anos, as redes familiares e o entorno social xogan un papel fundamental na experiencia da comunidade galega residente no país. Dese xeito, e dado que en Suíza se mesturan as características da emigración tradicional galega herdada e as características da emigración galega máis actual, trátase dun contexto adecuado e significativo para levar a cabo unha investigación deste tipo.

De forma transversal á análise da cualificación académica e laboral no entorno suízo, a presente investigación busca indagar nos procesos vitais que se inician a partir do proxecto migratorio. Estes, atópanse intimamente ligados á base formativa que posúen e ao entorno laboral no que se moven posteriormente. Como ocorría en anteriores etapas da historia, as xentes chegadas no século XX vivían un proceso máis colectivo e ligado á comunidade de orixe emigrada. Por contra, as persoas emigradas nas presentes épocas

viven un proceso moito máis individual e dependente do seu currículo vital e formativo previo (Parcero, 2020). Neste sentido, cobra especial interese o ver se a poboación que emigra actualmente cun menor nivel de formación o fai seguindo os procesos de adaptación e desenvolvemento pasados ou aseméllanse máis aos das xeracións altamente formadas da actualidade.

Atendendo aos criterios de xustificación expostos por Santana (2013), poderíase dicir que o presente traballo posúe certa relevancia teórica, en tanto en canto resulta unha interesante contribución ao estudo dun campo tan amplo como é o da emigración galega. Ademais, o feito de centrar a análise no caso suízo, introducindo a variable da cualificación, permite que o traballo teña unha certa relevancia aplicada, ao ser un caso actual e específico do que se poden extraer distintas liñas de actuación para atallar unha problemática que está á orde do día.

Tendo en conta o exposto ata o de agora, poderíase dicir que a investigación formulada posúe viabilidade e impacto. En primeiro lugar, trátase dun estudo realizable en canto a tamaño e forma. As características da análise permiten acadar os obxectivos con certa solvencia, ao ser un traballo a realizar nun período estimado de 6 meses, no que as metas marcadas son alcanzables. En segundo lugar, pódese aventurar a dicir que a investigación pode lograr un certo impacto. Como xa se vén comentando, nun mundo cada vez máis globalizado e no que os niveis e tipoloxía de formación van en aumento, observar as diferenzas que existen no éxodo galego do século XXI preséntase como algo de primordial actualidade. En consecuencia, esta análise podería servir de punto de partida para ver como se pode xestionar unha problemática migratoria como a suíza, que se ben vive baixo dinámicas propias de tempos pasados, as novas tendencias migratorias fan que precise de certa actualización.

Máis alá dos obxectivos específicos do presente traballo, a idea da investigación trátase dunha prolongación da investigación que o propio investigador iniciou uns anos antes (Parcero, 2020). Se ben nese caso a idea central era comparar os procesos de adaptación das comunidades galegas emigradas en Alemaña tanto no pasado como na actualidade, no presente traballo a poboación de análise é unicamente a poboación emigrada nestes momentos. Con todo, ámbolos dous estudos comparten certas características, centrando a súa atención na comunidade galega emigrada na Europa Central e analizando características propias do seu proceso migratorio. Establécese desta forma certa



continuidade e relación, supoñendo a investigación de Parcero (2020) un punto inicial para a actual.

## **1.1. Presentación do problema e obxectivos da investigación**

Nos últimos anos, o discurso mediático da *fuga de cerebros* fixo ver que os principais fluxos migratorios estaban cargados de persoas altamente cualificadas académica e laboralmente. Porén, as redes migratorias que quedaron en Suíza dende o século XX representan un xeito factible de emigrar para aquelas persoas que presentan menos formación. Fóra das principais grellas de información e lonxe do discurso predominante, coñecer a realidade deste porcentaxe de poboación e comparar a súa realidade coa daquela xente que emigra cunha maior cualificación conforma unha idea sólida de estudo. A fin de traballar sobre ela, a continuación artéllanse unha serie de obxectivos principais e específicos que dan boa conta do que se pretende analizar:

### **Obxectivos principais:**

- Observar as traxectorias vitais da emigración galega en Suíza segundo o grao de cualificación académica e laboral.
- Comprobar a vixencia das redes migratorias suízas para a actual emigración galega.

### **Obxectivos secundarios:**

- Indagar no currículo e traxectoria vital previas á emigración da mocidade galega emigrada en Suíza.
- Afondar nos motivos que levan á mocidade galega actual a emigrar a Suíza.
- Analizar a adaptación ao novo entorno por parte da mocidade galega emigrada en Suíza.
- Coñecer as perspectivas de cara a futuro da mocidade galega emigrada en Suíza.

Para acadar os mencionados obxectivos, a investigación constará dunha serie de partes diferenciadas. En primeiro lugar, un marco teórico no que se profundará nas ideas mencionadas con anterioridade atendendo a antecedentes teóricos e investigacións de importancia para o caso. En segundo lugar, darase conta da metodoloxía aplicada, a cal está baseada en entrevistas en profundidade semiestruturadas enfocadas sobre persoas emigradas a partires de 2008. De seguido, debullaranse os resultados do traballo tomando

como referencia os obxectivos presentados, aos cales se lle buscará dar resposta. Por último e de xeito destacado, poranse por escrito as conclusións ás que se chegou na investigación, tratando de sintetizar da mellor forma posible as ideas máis salientables.

## **2. Marco teórico**

O feito de facer as maletas con rumbo a un país estranxeiro implica falar de emigración exterior. Se por migrante se entende a “aquela persoa que se traslada do seu lugar de residencia habitual, xa sexa dentro dun país ou a través dunha fronteira internacional, de maneira temporal ou permanente, e por diversas razóns” (Organización Mundial para as migracións [OIM], 2019: 130), por migración exterior pódese tomar a definición que aporta o Instituto Nacional de Estatística: emigración na que a nova residencia habitual do migrante se atopa nun país estranxeiro, estando a súa residencia habitual previa en España (INE, 2022).

O concepto emigración ten unha longa tradición na historia da humanidade en xeral e na de Galicia en particular. Durante os últimos tres milenios, as migracións determinaron a historia de Europa. Porén, foi na segunda metade do século XX onde se acelerou o proceso, froito dos conflitos bélicos que se viviron no continente, as crecentes necesidades económicas da poboación e os movementos promovidos para a procura de mellores traballos en países de maior desenvolvemento económico (Vilar Ramírez, 2000). Deste xeito, comezaron a abrirse diversas rutas migratorias que provocaron un repunte no que a éxodo poboacional galego se refire.

### **2.1. Perspectiva histórica: a emigración transoceánica**

Como xa se vén comentado ata o momento, antes do actual período de migración do século XXI, Galicia viviu dous éxodos de poboación masivos con destino estranxeiro: un transatlántico con destino América e outro continental, con destinos en Europa Central (Richter, 2021). Tanto no primeiro período como no segundo, as fortes necesidades económicas da poboación galega eran o factor determinante para emprender o camiño da emigración. Debido ao seu carácter eminentemente rural (o 90,1% da poboación vivía nestes entornos en 1900 e un 63,5% en 1991 (Álvarez, 1995)), durante todo o século XX o grao de desenvolvemento da sociedade era baixo. Nun rural baseado no minifundio e nunha economía de subsistencia propia do Antigo Réxime, as viaxes cara América situáronse como a primeira saída á complicada situación local.

No relativo á emigración transoceánica, explica Álvarez (1995) que a superpoboación do campo foi por si mesmo o factor principal que empurrou á emigración a unha gran

cantidade de persoas en Galicia. Segundo Ródenas e García (1994) (citados en Álvarez, 1995) a falta doutro tipo de actividades que representaran un atractivo para a poboación rural galega, emprender a viaxe cara América representaba a solución máis doada para saír dunha miseria imposta polo inestable contexto político e económico da época. Entre 1946 e 1970 emigraron a ultramar máis dun millón de españois (1.037.121), dos cales retornaron 556.361 (Pérez-Caramés, 2018). Como resultado, o éxodo cara América saldouse cunha importante perda demográfica para España a nivel xeral, especialmente nos anos 50, onde abandonaron o país ao redor de 600.000 persoas, con Arxentina e Venezuela como principais destinos.

En canto ao perfil da poboación emigrada, caracterizábase pola predominancia do varón de curta idade, baixa formación e que posuía un mínimo de cartos para financiar a pasaxe. En consecuencia, o tipo de ocupación característico destas comunidades era no relativo ao traballo mecanizado (xa fora en industria ou hostalería), cambio que se realizaba non sen dificultades (Álvarez, 1995).

A emigración americana estaba orientada ao aforro a medio prazo, de forma que a emigración galega adoitaba asentarse por longos períodos de tempo, cando non definitivamente. Con todo, tamén eran habituais as “migracións andoriña”, migracións puntuais levadas a cabo en períodos concretos por persoas que tiñan como obxectivo realizar tarefas de temporada como a zafra ou a caña de azucre (Pérez-Caramés, 2018).

A emigración cara América sentou as bases dun éxodo galego caracterizado polo que Pérez-Caramés et al. (2018) definen como “imaxinario americano”. Este concepto, engloba non só o desexo de prosperidade económica que moitas persoas lograron, senón que tamén fai referencia ao status social que se lograba. En moitos casos, as persoas que emigraban buscaban mellorar a súa posición e enriquecerse, para así seren admiradas entre os seus paisanos á hora de retornar.

## **2.2. Perspectiva histórica: a emigración continental**

Unha vez que as correntes migratorias cara América foron decaendo en intensidade, comezou a abrirse o camiño cara certos países do continente europeo. O coñecido como milagre español dos anos 60 e 70 estivo apoiado na liberación de excedente laboral e en

certos reajustes demográficos que abocaron a unha xeración a buscar mellores condicións de vida máis alá das súas fronteiras (Blanco, 2011).

Logo do declive de América como destino, comezaron a aparecer como destinos principais de emigración distintos países de Europa, en crecemento económico tras os anos de posguerra. Entre os casos máis comúns atopábanse os de Alemaña, Francia, Reino Unido ou Suíza (Álvarez, 1995). No caso concreto deste último, ata os anos 60 tiña na inmigración italiana a fonte básica de man de obra barata. Tal e como indica Picatoste (2015), as esixencias do goberno italiano e dos seus traballadores derivaron na busca de nova man de obra, pasando a ser buscada en países con condicións laborais máis asumibles para os seus intereses, como era o caso de España. Deste xeito, en 1961 asinouse o tratado hispano-suízo que facilitaba a chegada de traballadores e traballadoras españolas ao país helvético.

En canto a motivacións e estratexias migratorias, segundo apunta Kreienbrink-Herrero (2000), a poboación galega que emprendía o camiño cara Europa Central facíao por temas laborais, alegando razóns económicas e melloras no relativo á educación dos fillos. En canto ao perfil desta emigración continental, destacaba novamente a predominancia masculina<sup>1</sup> (representando un 80% do total para o período 1961-1980 (Álvarez, 1995)) de curta idade (15-34 anos). Así mesmo, a poboación emigrada caracterizábase pola súa baixa cualificación, sendo común o éxodo de individuos de clase baixa ou traballadores de pescozo azul (Oviedo, 2017).

A baixa formación e a nula experiencia no que a traballo remunerado se refire estaba fortemente marcada pola súa procedencia xeográfica. Segundo se extrae das entrevistas levadas a cabo por Delgado en 1966 (citado en Farraco et al., 2013), o habitual era que a orixe das persoas emigradas dende a Península fora rural, sendo Andalucía e Galicia as rexións que conformaban o principal perfil da emigración española. No que a ocupación se refire, o galego que facía as maletas cara Europa Central organizaba a súa marcha en relación ao traballo determinado para o que era requirido. Estes, que estaban normalmente relacionados co sector industrial, supoñían o eixo principal da rutina do emigrante, sendo o aforro o factor chave sobre o que se asentaba todo (Álvarez, 1995). A este respecto, cómpre mencionar que nos inicios, a poboación galega e española que chegou a Suíza foi

---

<sup>1</sup> A pesar de que a emigración continuou sendo predominantemente masculina, si que cómpre mencionar que o peso e importancia da muller aumentou con respecto á anterior vaga americana. De forma concreta, houbo países nos que a emigración feminina foi incluso maioritaria (Álvarez, 1995).

obxecto de certa xenofobia, ao verse condicionada por unha lexislación que tentaba limitar o número de emigrantes que podían ser contratados por unha empresa e fixando o número global de emigrantes para todo o país con continxentes asinados a cada cantón (Picatoste, 2015). Malia todo, esta imaxe foi mudando co paso dos anos, ao pasar de ser vista como unha comunidade temporal<sup>2</sup> adicada ao traballo a ver como se asentaban durante décadas no país.

En canto á integración da comunidade galega en países de Europa Central, autores de distintas épocas como Álvarez (1995) e Picatoste (2015) coinciden na idea de que esta non era un obxectivo a curto prazo entre as primeiras xeracións. O mencionado enfoque do aforro como pilar fundamental do proceso migratorio, así como o carácter masivo do éxodo cara Suíza derivaba nunha certa pasividade á hora de mesturarse co seu novo entorno. Porén, este feito foi mudando cos anos, a medida que o asentamento a longo prazo no país helvético comezou a ser un feito e a poboación galega na emigración comezou a asentarse laboral e socialmente.

A pesar de que o perfil do emigrante galego en Suíza era o do home empregado na construción ou na industria, a realidade feminina convivía paralelamente no que a traballo se refire. Tal e como explica Richter (2004), as mulleres emigradas na Suíza do século XX pasaron a ocupar postos de traballo remunerado, pero sen deixar de realizar as tarefas de coidado e reprodución nos seus fogares de orixe. Porén, o cambio de contexto non provocou que deixaran a un lado as labores que lles foran asignadas socialmente. Deste xeito, a emigración consolidábase como un proceso reprodutor de desigualdades de xénero.

En relación ao anterior, a autora tamén destaca como os homes tamén se encargaron de traballos de limpeza tradicionalmente reservados para as mulleres. Neste caso, o seu obxectivo era gañar a maior cantidade de cartos posible, sendo visto por eles como un traballo secundario con respecto aos seus oficios principais na construción ou na industria. A través deste feito, ponse en confrontación a clase social cos roles de xénero, ao “aceptar” os homes un traballo feminizado co único pretexto de gañar e acumular a maior cantidade de cartos posible (Richter, 2004).

---

<sup>2</sup> Os traballadores e traballadoras de orixe peninsular con destino Suíza e Alemaña defíníase nestes países co termo *Gastarbeiter*. Entendido en galego como “traballador invitado”, dáballo nome .Véxase Gualda, E. (2001). Los procesos de integración social de la primera generación de «Gastarbeiter» españoles en Alemania. Huelva: Servicio de Publicaciones de la Universidad de Huelva.

As etapas de migración masiva con destino América Latina e Europa Central son dispares entre si, xa que se desenvolveron en períodos e contextos sociopolíticos distintos. Porén, ámbalas dúas teñen unha serie de similitudes no que se refire ao caso galego. En primeiro lugar, os dous procesos xorden para dar resposta a unha problemática específica: ofrecer unha saída á miseria e falta de perspectivas de futuro que se vivía no rural galego. Ante o estancamento que os seus habitantes vivían, o traballo mecanizado na incipiente industria estranxeira presentábase como o principal bote salvavidas a curto e longo prazo. En segundo lugar, e en relación co anterior, cómpre mencionar que os dous procesos xorden como contextos adaptables ás características da poboación emigrada. Concretamente, ofrecendo postos de traballo de baixa cualificación para os que as xentes de pouca formación galegas eran aptas.

### **2.3. A emigración actual: de Galicia ao mundo enteiro**

A actual emigración galega e española diferénciase dos anteriores períodos no relativo á intensidade e á forma. Tal e como sinala Valero-Matas et al. (2015), a pesar da familiaridade que hoxe en día suscitan os fenómenos migratorios, o certo é que o número de persoas que emigran no século XXI é proporcionalmente inferior á que o facía nos séculos XIX e XX. Así, en termos cuantitativos e de intensidade, a emigración galega é substancialmente menor na actualidade que no pasado, representando aínda así un fenómeno a ter en conta. Pola súa parte, en canto á forma cómpre salientar catro aspectos novidosos: as diferenzas de xénero á hora de emigrar, o distinto grao de formación que as novas xeracións posúen, os distintos sectores de ocupación que ocupan e a disparidade de destinos que existe hoxe en día. A través destas características, a actual emigración galega representa un fenómeno que rompe coas dinámicas históricas anteriormente detalladas.

#### **2.3.1. Intensidade e destino da emigración actual**

En moitas ocasións, a emigración actual que se produce en España é a gran esquecida. Tal e como mencionan Requés e de Cos (2003) (citados en Valero-Matas, 2015), o feito de que España pasara a ser un país exportador de man de obra a ser unha rexión receptora de poboación derivou en que a realidade emigrante actual se omite en certa forma. Para o caso concreto de Galicia, segundo datos do INE (2022), dende o ano 2002 ata 2017, un

total de 47.036 persoas abandonaran a Comunidade Autónoma con destino estranxeiro. Se se centra a atención no punto álxido da crise, é posible observar un máximo de 3.662 persoas emigradas dende Galicia no ano 2011, supoñendo o inicio dunha tendencia de migratoria á alza para os seguintes anos.

Se ben as cifras que se amosan son importantes á hora de valorar un fenómeno como a emigración, cómpre tomalas como tendencias e non como cifras totalmente exactas. Tal e como indica González (2011), as cifras españolas en materia de migración baséanse nas altas e baixas padronais. Por este motivo, as bases estatísticas dependen de que a poboación migrante decida rexistrarse ou non nos consulados de España e do exterior, algo que non sempre ocorre. Neste sentido, Romero-Valiente e Hidalgo-Capitán (2014) (citados en Pérez-Caramés et al, 2018), estiman que pouco máis da metade da poboación española emigrada entre 2008 e 2012 se inscribiu nos rexistros consulares, sendo clave neste fenómeno os niveis de subregistro, o país de destino e a antigüidade da emigración. Así, o feito de que certos niveis de registro non sexan obrigatorios, a presenza da libre circulación da que se goza na Unión Europea e o recente de moitas emigracións provocan que un menor número de persoas decidan acudir a estes trámites administrativos.

A pesar de que as cifras poden non amosar a realidade con exactitude, si que permiten observar grandes tendencias e destinos prioritarios nos proxectos migratorios de galegos e galegas. Neste sentido, atendendo novamente ás cifras do INE (2022), no século XXI existen unha serie de países que se atopan á cabeza no que a acollida de emigración galega se refire. Concretamente, destaca durante todo o presente século o caso de Suíza, con máis de 10.000 persoas chegadas durante os últimos 20 anos provintes de Galicia. Xa nos seguintes postos aparecen países como o Reino Unido, os Estados Unidos, Arxentina e Alemaña. Para o caso xeral de España, Domingo et al. (2014) sinala que os principais países de destino nos anos posteriores á crise eran Reino Unido, Francia, EEUU, Alemaña e Suíza, respectivamente. Se ben 4 dos 5 principais destinos son compartidos entre Galicia e España, destaca a posición de Suíza, que por un lado é destino preferente para galegos e galegas, pero que por contra ocupa o quinto lugar para as migracións do común de España.

Chegado este punto, é onde se pode apreciar de mellor maneira a importancia da tradición emigrante do século pasado nas correntes migratorias actuais. Tanto no caso español como galego, a presenza de países como o Reino Unido, os Estados Unidos ou Alemaña é común a ambos períodos migratorios, sendo destinos migratorios xa coñecidos que



presentan unha continuidade co pasar das décadas. Prestando especial atención ao mencionado caso suízo, destaca o gran volume que galegos e galegas no total da emigración procedente de España. Atendendo ao exposto Figura 1, para o período 2010-2014 apréciase unha importante porcentaxe de emigración galega sobre o total español. En cifras absolutas, apréciase un máximo relativo en 2011, no que existe un 16,2% de galegos sobre o total español. Este ano, punto crítico da recesión económica, marca un punto de partida para os seguintes anos, nos que se ben o número de españois emigrados a Suíza vai variando en cada ano, o número de galegos mantense constante ata 2014, representando unha maior porcentaxe sobre os datos globais de España.

**Figura 1. Número de emigrantes galegos e españois en Suíza (Período 2010-2014)**




Gráfico de elaboración propia a partir dos datos do INE.

### 2.3.2. Diferenzas de xénero e idade na emigración actual

En canto aos procesos seguidos por homes e mulleres á hora de emigrar no século XXI, cómpre salientar unha serie de diferenzas. En liñas xerais, e en contraste coa emigración do pasado século, para o período 2008-2012 existe certa equidade de xénero (Ortega et al, 2016). A este respecto, a emigración actual trátase dun fenómeno predominantemente masculino entre os españois de nacemento e dun éxodo máis equilibrado se de persoas nacionalizadas se fala.

Se ben a emigración pode analizarse en termos de xénero, a composición por sexos varía segundo o país de destino e segundo o grupo de idade sobre o que se pon o foco (Ortega et al, 2016). No relativo á idade, a media á hora de emigrar era de 32,6 anos entre 2008 e 2012, período durante o cal existe unha especial feminización da emigración para os grupos de idade de entre 20 e 29 anos. Este grupo de idade representa o 18,4% das saídas de españois de nacemento e o 16,7% daqueles que se atopan nacionalizados. De igual forma, tamén se aprecia unha sobrerrepresentación masculina nas persoas de máis de 35 anos e na emigración en idade de xubilación nacida en España.

Centrando a atención no quinquenio mencionado (2008-2012), Ortega et al (2016) explica como a saída de homes cara o estranxeiro aumentou proporcionalmente, especialmente entre os varóns españois de entre 40 e 54 anos. Este feito é salientable tendo en conta que entre a emigración de adultos novos, a predominancia feminina é notable. A este respecto, cómpre mencionar a internacionalización da educación universitaria e post-universitaria e a demanda de traballadoras en sectores laborais específicos como principais detonantes desta dinámica. De igual forma, esta tendencia actual contrasta enormemente cos modelos migratorios do pasado, aqueles nos que a persoa que abandonaba a Península adoitaba ser case sempre un home.

En canto á relación entre xénero e país de destino, cabe destacar como as mulleres son maioría naqueles fluxos que teñen por destino países como o Reino Unido (54,2%), Francia (52,5%) e Italia (62,9%); mentres que os homes son maioría en proxectos migratorios con destino Suíza (55,5%), Arxentina (51,3%) ou os Estados Unidos (51,4%) (Ortega et al, 2016).

## **2.4. Definición das fases e procesos migratorios**

Unha vez detallados os fluxos históricos e actuais que configuraron no pasado e configuran na actualidade a realidade galega, é necesario profundar no proceso vital que cada emigrante leva a cabo unha vez decide facer as maletas. Tratando de analizar dunha forma ordenada e lóxica o proceso persoal que segue cada emigrante, no presente traballo propuxéronse catro obxectivos específicos que tentan abarcalo na súa totalidade. A fin de que o marco teórico sirva de base de estudo e comparación co traballo de campo máis adiante exposto, tómanse como referencia as mesmas fases vitais, as cales se analizan a continuación.

### **2.4.1 Traxectoria previa**

Tendo en conta que as primeiras experiencias a nivel académico e laboral que o individuo posúe marcan notablemente a súa vida posterior, o primeiro punto de análise céntrase na traxectoria previa a emigrar. Se algo diferencia ás xeracións galegas anteriores das actuais é o grao de formación que posúen e, en consecuencia, os postos de traballo aos que posteriormente teñen acceso. Mentres que a emigración dos séculos XIX e XX se caracterizaba pola baixa formación e a procedencia do rural, no século XXI a emigración conta cun maior currículo a todos os niveis, apoiada nuns programas formativos máis sofisticados e nun apoio familiar máis sólido (Alaminos & Santacreu, 2010). A maior formación da que goza a xuventude fixo que a actual emigración fose vista como unha perda incontrolable de capital humano altamente formado habitualmente denominada como “fuga de cerebros” (Rouco-Couzo, Novo Corti (2016)). Con todo, a presenza de poboación que conta con estudos de menor calibre segue a ser unha realidade nada desbotable e moitas veces relegada a un segundo plano. Deste xeito, poñer en cuestión o discurso predominante preséntase como unha necesidade á que atender, situando a lupa non só na poboación altamente cualificada, senón tamén na poboación que, se ben non teñen unha alta cualificación, si que son emigrantes expulsados do seu país por mor da crise que leva asolagando a economía internacional máis dunha década.

#### ***Diferenciación entre os distintos niveis de formación***

Atendendo á literatura e estatísticas existentes, resulta complicado saber con exactitude que porcentaxe da poboación emigrada está altamente cualificada e cal non. Se coñecer con exactitude os cambios de residencia que a poboación emigrante leva a cabo é moi dificultoso, coñecer o grao de formación que ditas persoas posúen resulta case imposible. Porén, si que existen cifras acerca do nivel formativo da xuventude en España que permiten coñecer que formación de partida que a poboación española posúe, decida logo emigrar ou non. Atendendo a estes datos nun sentido global, a porcentaxe de persoas de entre 24 e 34 anos con estudos de nivel superior era do 44% para mulleres e do 34% para homes no ano 2011 (Eurostat, 2011, citado en González-Ferrer, 2013). Segundo afirma González-Ferrer (2013), a tendencia a emigrar aumenta canto maior é o nivel de instrución, polo que o normal é pensar que a maioría da emigración galega actual estea altamente cualificada.

A fin de catalogar os distintos niveis de formación existentes en España, o INE distingue unha serie de categorías segundo o seu grao de profundidade e especialidade. Desta forma, insírense nela tanto os niveis educativos básicos e obrigatorios das ensinanzas primaria e secundaria como os superiores e específicos das ensinanzas máis avanzadas.

Segundo o nivel de estudos rematado, o INE (2011) distingue entre as categorías de analfabetización, educación primaria, ensinanzas para a inserción que non precisan da primeira etapa da educación secundaria<sup>3</sup>, a primeira etapa da secundaria<sup>4</sup>, ensinanzas para a inserción que precisan da primeira etapa da educación secundaria<sup>5</sup>, a segunda etapa da educación secundaria<sup>6</sup>, ensinanzas de inserción que precisan da segunda etapa da educación secundaria<sup>7</sup>, ensinanzas de grao superior de formación profesional, outras ensinanzas de 2 ou máis anos que precisan do título de bacharelato, ensinanza universitaria de primeiro e segundo ciclo e estudos oficiais de especialización profesional. A poboación española maior de 16 anos está, xa que logo, ubicada nalgunha das sete categorías propostas.

Atendendo ao exposto na Táboa I para os anos 2014, 2018 e 2022, destaca o descenso de persoas analfabetas, con estudos primarios rematados e con eles sen rematar. Por contra, o número de persoas con estudos de secundaria rematados mantívose estabilizado ou incrementado durante os 8 anos do período. Por último, a educación superior universitaria é a que viu un crecemento máis exponencial, pasando a medrar en máis de 6 puntos entre 2014 e 2022.

---

<sup>3</sup> Programas de inserción a desempregados, Escolas Taller, Casas de Oficios e Talleres de Emprego que non requiren de formación mínima ou só de Educación Primaria.

<sup>4</sup> Persoas que obtiveron todos os niveis de ensinanzas obrigatorias (Educación Primaria e actual Educación Secundaria [ESO]).

<sup>5</sup> Programas de inserción a desempregados, Escolas Taller, Casas de Oficios e Talleres de Emprego que requiren de formación mínima ou de estudos de secundaria de primeira etapa.

<sup>6</sup> Bacharelato ou ensinanzas de grao medio de formación profesional específica.

<sup>7</sup> Programas de inserción a desempregados, Escolas Taller, Casas de Oficios e Talleres de Emprego que requiren de formación obtida no Bacharelato ou ensinanzas de grao medio de formación profesional específica.

**Táboa I. Nivel de formación para o total da poboación galega para os anos 2014, 2018 e 2022**

	2014	2018	2022
Analfabetos	<b>1,35%</b>	1,2%	0,9%
Estudios primarios incompletos	6,8%	<b>7,3%</b>	4,7%
Educación primaria	<b>19,6%</b>	15,5%	9,3%
1ª etapa de educación secundaria e similar	30,2%	30,2%	<b>34,1%</b>
2ª etapa da secundaria con orientación xeral	10,6%	11,7%	<b>11,8%</b>
2ª etapa da secundaria con orientación profesional	6,6%	7,4%	<b>7,7%</b>
Educación superior	24,8%	27%	<b>31,5%</b>

Táboa de elaboración propia a partir dos datos do INE.

A observación das estatísticas relativas a formación permite observar distintos fenómenos. Por unha banda, o número total de persoas analfabetas ou con escasos estudos é cada día menor. Os avances en educación e o amplo acceso a ela que existe hoxe en día permite que a falta de formación básica represente un fenómeno cada día menos común. Así mesmo, o maior acceso a niveis de estudo como a Universidade provoca que a porcentaxe de persoas que posúe estudos superiores rematados medre progresivamente co pasar dos anos.

Con todo, analizar a nivel global o grao de formación que a poboación española posúe non resulta de todo útil para analizar a realidade emigrante. Como xa se vén comentado, a emigración na actualidade atópase marcada polas variables sexo e idade, sendo un proceso feminizado que é efectuado principalmente pola poboación máis nova. Concretamente, tal e como mencionaban Ortega et al (2016), para o período 2008-2012 a idade media para emigrar era de 32,6 anos, mentres que o grupo maioritario á hora de facer as maletas era o de entre 20 e 29 anos (representando un 18,4% sobre o total). É por este motivo que á hora de falarmos da emigración do século XXI, os grupos de idade de situados entre os 25 e os 44 anos poden ser os que ofrezan unha achega máis aproximada á realidade emigrante.

**Táboa II. Nivel de formación de homes en España por grupo de idade para os anos 2014 e 2020**

	<b>Homes</b>			
	<b>De 25 a 34 anos</b>		<b>De 35 a 44 anos</b>	
	<b>2014</b>	<b>2020</b>	<b>2014</b>	<b>2020</b>
1ª etapa de educación secundaria e inferior	40%	33,8%	38,6%	36%
2ª etapa de educación secundaria e educación postsecundaria non superior	24,6%	25%	22,8%	23,9%
Educación superior	35,4%	41,3%	38,6%	40,1%

Táboa de elaboración propia a partir dos datos do INE.

**Táboa III. Nivel de formación de mulleres en España por grupo de idade para os anos 2014 e 2020**

	<b>Mulleres</b>			
	<b>De 25 a 34 anos</b>		<b>De 35 a 44 anos</b>	
	<b>2014</b>	<b>2020</b>	<b>2014</b>	<b>2020</b>
1ª etapa de educación secundaria e inferior	28,8%	22,9%	30,4%	25,8%
2ª etapa de educación secundaria e educación postsecundaria non superior	23,7%	23,6%	22,5%	23,5%
Educación superior	47,5%	53,5%	47,2%	50,7%

Táboa de elaboración propia a partir dos datos do INE.

Se se presta atención á información amosada nas táboas II e III, as diferenzas entre homes e mulleres, así como as diferenzas xeracionais entre uns grupos e outros, son máis que notables. De forma concordante para ámbolos dous sexos, o grupo 25-34 presenta uns índices maiores no que a educación superior se refire. Reafirmando a idea anteriormente comentada, as novas xeracións teñen a oportunidade de acceder e prolongar a súa etapa académica, o que se traduce nun maior nivel de estudos xeral. Porén, onde maiores diferenzas se aprecian é no relativo ao sexo. Neste sentido, destaca o 53,5% de mulleres

de entre 25 e 34 anos que en 2020 posuían estudos superiores, dato que tamén comparten as súas homólogas de entre 35 e 44 anos, as cales tamén superan o 50% en 2020 (INE, 2022).

Baseando esta parte da análise nos datos recollidos ata o momento, é importante destacar como as mulleres españolas posúen unha maior formación que os homes. De igual maneira, a nivel xeracional, entre as persoas de entre 25 e 44 anos predomina a formación de carácter superior. Tomando como representativos estes datos e tendo en conta que a emigración galega e española actual é un fenómeno feminizado e nutrido polas xeracións máis novas, non é atrevido pensar que o éxodo galego cara o estranxeiro está marcado pola *fuga de cerebros*. Malia todo, cómpre non xeneralizar estas tendencias e atender polo miúdo ao caso concreto de Suíza.

### ***Diferenciación entre traballo cualificado e non cualificado***

Unha vez expostas as variacións en materia de formación que levan existindo en Galicia e España co pasar dos anos, é momento de profundar nas características dos empregos que posteriormente se conseguen. Tendo en conta que a poboación menor de 44 anos presenta altos índices de educación superior a data de 2020, a lóxica leva a pensar que esta se traduce en traballos de alta cualificación acordes ao nivel de estudos. Por contra, como se irá vendo, a crise económica marcou enormemente o mercado laboral, abocando a toda unha xeración á precariedade e á falta de oportunidades nos seus sectores.

Para comezar a entender o que se entende por traballo cualificado ou non cualificado, cómpre somerxerse na clasificación que dos distintos empregos se fai. Segundo o INE (2022), diferéncianse un total de 10 “Grandes Grupos” de ocupación, atendendo á súa natureza, modalidade, sector e, sobre todo, ao nivel de formación necesario para acadar cada posto de emprego. Dentro da tipoloxía de traballos cualificados, o INE distingue os postos de dirección de empresas e de Administración Pública, técnicos e profesionais científicos, técnicos e profesionais de apoio, empregados de tipo administrativo, traballadores de servizos de restauración e persoal do comercio, traballadores cualificados da agricultura e da pesca, artesáns e traballadores cualificados das industrias e operadores e montadores e instaladores de maquinaria fixa. Todos estes empregos caracterízanse por precisar dunha formación previa, xa sexa para o manexo de maquinaria e ferramentas específicas, pola experiencia necesaria para a súa realización ou polo grao de estudos

avanzados que se requiren para a súa realización. No lado contrario, o INE distingue unha única categoría para englobar aos coñecidos como traballos non cualificados. En palabras do propio Instituto:

Este Gran Grupo comprende as ocupacións para cuxo desempeño se requiren os coñecementos e a experiencia necesarios para cumprir tarefas xeralmente sinxelas e rutineiras realizadas con ferramentas manuais e para as cales se require ás veces un esforzo físico e, salvo raras excepcións, escasa iniciativa” (INE, 2022).

Son comúns aqueles traballos non cualificados nos que a ocupación consiste na venda de mercadorías pola rúa, a oferta de servizos de portería e vixía de inmobles e bens, execución de tarefas simples relacionadas co sector mineiro, agrícola, pesqueiro industria manufactureira ou construción. O INE, opta deste xeito por diferenciar dous Grupos Principais dentro do emprego non cualificado: un para os traballadores non cualificados en servizos (excepto transportes) e outro para o resto de peóns no que o esforzo físico xoga un papel primordial no seu día a día.


Atendendo aos datos estatísticos que aporta o INE (2022) acerca da tipoloxía de empregos, é posible observar a evolución que o traballo cualificado e non cualificado sufriu co pasar dos anos. A pesar de que o cambio non é excesivamente substancial, si que se aprecia un lixeiro descenso no que a porcentaxe de persoas empregadas en postos de traballo non cualificados. Así, para o período 2011-2021 a porcentaxe de poboación que realizaba traballos non cualificados baixou dende un 13% a comezos da década pasada ata un 12,2% no recente ano 2021. Esta redución na porcentaxe de emprego non cualificado que se leva a cabo é parella ao aumento da formación media que se viu no apartado anterior: a maior formación da poboación local, menores posibilidades de que esta leve a cabo este tipo de traballos. Con todo, existe o fenómeno contrario, aquel no que a xuventude máis formada se emprega en traballos de menor cualificación por mor dun mercado laboral que non lle ofrece as oportunidades acordes á súa formación. Este fenómeno, coñecido como descualificación, afecta a numerosas persoas, pero especialmente a aqueles segmentos máis novos e máis formados que se introduciron no mercado laboral nunha etapa de crise económica (Alegre & Benito, 2009).

Por outra banda, se ben a variación en valores relativos a toda a poboación non semella ser demasiado relevante a simple vista, si que o é en termos de xénero. Entre os anos



mencionados con anterioridade, a porcentaxe de mulleres que realiza traballo non cualificado é substancialmente menor á cantidade de homes na mesma situación. Con todo, tal e como se pode apreciar na Figura 2 as diferenzas entre sexos equilibráronse no lapso deses 10 anos.

**Figura 2. Porcentaxe de homes e mulleres adicados ao traballo non cualificado nos anos 2011 e 2021**



Táboa de elaboración propia a partir dos datos do INE.

Atendendo aos datos expostos, resulta canto menos curioso que as mulleres, que posúen en proporción unha maior formación que os homes, se encargan en proporción dunha maior cantidade de traballo non cualificado. A razón a esta desigualdade habería que buscala na fenda de xénero e nunha estrutura patriarcal propia do mercado laboral existente. Con todo, a cualificación e non cualificación no traballo cobra unha salientable importancia en tanto en canto representa a un sector poboacional agochado baixo a teoría predominante da *fuga de cerebros*. Así, é importante ter en conta que a tensión entre traballo cualificado e non cualificado pode xogar un papel determinante nas motivacións á hora de emigrar que a continuación se expoñen.

#### 2.4.2. Motivacións

Unha vez sentadas as bases formativas e as experiencias laborais previas a emigrar, cómpre centrarse nas motivacións que desembocan na decisión final de facelo. Tendo en conta que se trata dunha decisión individual que toma a persoa implicada, véñense escribindo co pasar dos anos numerosos artigos de corte psicolixicista, buscando darlle resposta a preguntas frecuentes ao respecto. Porén, nas motivacións persoais de cada persoa inflúen distintos condicionantes como os económicos, familiares ou os sociais. Por este motivo, a continuación expóñense unha serie de datos, teorías e ideas que diversas fontes, autores e autoras propoñen.

Como xa se ten mencionado con anterioridade, un dos principais factores que motivan a emigración dos máis novos é a consecución de emprego. Inmersa nunha crise económica, a xuventude do Estado Español posúe dende 2008 unha certa inqueda no relativo ao traballo, chegar a fin de mes, pedir un préstamo bancario, realizar gastos extra, dar de comer á familia, continuar cos estudos superiores e conseguir unha vivenda. En termos estatísticos, a taxa de paro sufriu máximos importantes durante a década pasada, chegando a superar os 25 puntos nalgúns momentos de 2013 (INE, 2022). De forma concreta, o paro afectou en maior medida á poboación máis nova do Estado, situándose por riba do 50% ao redor dos anos 2014 e 2015 (INE, 2022). Na actualidade, a taxa de paro reduciuse notablemente, pero segue a ser un punto de referencia á hora de avaliar a falta de oportunidades e frustración que a xuventude sente. Atendendo á taxa de paro segundo nivel de educación, o INE (2022) expón que son as persoas con menor formación as que presentan maiores puntuacións (persoas sen estudos, con estudos primarios ou secundarios de primeira etapa), mentres que as persoas con formación superior (segundo ciclo de educación superior e doutorado) son as que presentan taxas máis baixas de desemprego.

En relación ao anterior, as teorías sociais e económicas adoitan centrarse na intervención de determinadas forzas de atracción e empuxe á hora de buscar unha mellora da situación económica a través do salario ou das condicións laborais. Estas son variables de grande poder explicativo, sendo defendidas por autores como Graham e Markowitz (2011), os cales detectaron que cando os individuos están satisfeitos coa súa situación económica teñen menos posibilidades de emigrar ao estranxeiro. As condicións ou necesidades materiais e a dificultade para satisfacelas serían así un dos puntos fortes á hora de entender o porqué de moitos transvases de poboación.

Dende un punto de vista máis psicoloxicista, Gómez-Frías (2017) sinala no seu traballo sobre os medios de comunicación as distintas variables psicosociais motivan a decisión de emigrar ao estranxeiro. Neste sentido, a autora explica como a xuventude percibe un ambiente negativo no Estado Español, marcado este pola corrupción, a inxustiza e a desconfianza nas institucións. Tras realizar un estudo cuantitativo, resalta que os valores de confianza presentados son lixeiramente superiores naquela poboación que decide non emigrar, pero que son valores baixos en ámbolos dous casos. Autores como Cai et al (2014) (citado en Gómez-Farías, 2017) sinalan que as persoas que manifestan un alto nivel de benestar subxectivo teñen menos desexos de emigrar internacionalmente.

Detéctase tamén que o sentimento de infelicidade está máis presente nas persoas que deciden emigrar que naquelas que quedan no seu país, sendo un factor emocional importante de cara a tomar a decisión final.

En relación ao anterior, a propia autora destaca como os niveis de felicidade soen ser maiores naquelas persoas que posúen un maior nivel de formación (Gómez-Farías, 2017). Partindo desta premisa, sería doado supoñer que son as persoas con menor formación as que deciden emigrar ao estranxeiro en busca de mellorar as súas condicións de vida. Porén, esta idea contrasta co exposto no segundo barómetro sobre mobilidade xuvenil realizado pola Comisión Europea en 2011<sup>8</sup>. Neste, conclúese que, para todos os segmentos de poboación estudados (20-24, 25-29 e 30-35 anos), a motivación para emigrar tanto por tempo limitado como por tempo prolongado era maior entre as persoas con estudos de nivel superior que entre as de nivel básico ou medio.

Afondando máis nas motivacións que levan á poboación a emigrar, poderíase mencionar a importancia dos medios de comunicación á hora de estruturar un discurso e un imaxinario do que aporta e representa a emigración. En primeiro lugar, Ortega et al. (2016) menciona a dobre lectura que o aparello mediático fai sobre o fenómeno. Por unha banda, existe a narrativa que liga a emigración actual co pasado e a idea do eterno retorno e, por outro, a lectura futurista, que toma os tempos que chegarán como unha innovación positiva. Por outra banda, a clase política leva anos articulando un discurso entorno ao concepto da diáspora, outorgándolle un certo esplendor que certos contidos televisivos se encargan de popularizar, romantizando e idealizando a emigración como algo unicamente positivo. Esta, encádrase nun marco conceptual de globalización, progreso e modernidade que soamente reporta beneficios para aquela persoa que emprende o camiño máis alá das súas fronteiras.

En segundo lugar, e seguindo coa mesma idea, autores como Hernández et al. (2015) céntranse tamén na capacidade de influencia dos medios de comunicación. Profundando nesta idea, sinalan que a experiencia migratoria se amosa nas reportaxes de maior audiencia (especialmente televisivos) como aventuras exitosas, alleas ás dificultades e conflitos que implica con frecuencia a emigración, mostrando unha imaxe en moitos casos distorsionada, cando non allea á realidade. Neste tipo de contido, a imaxe que se busca

---

<sup>8</sup> Flash Eurobarometer 319B (Youth on the Move—Mobility in Education and Work). Xaneiro de 2011. European Commission. Pregunta: “Estarías disposto a / gustaríache traballar nalgún outro país europeo no futuro?” (citado en González-Ferrer, 2013).

transmitir é a dunha mocidade con iniciativa propia e carácter que decidiu emigrar en busca de novas experiencias. Fórmase desta forma a idea do emigrante como emprendedor preparado para o desafío de adaptarse a un novo país e unha nova sociedade.

Para o caso concreto de Suíza, distintos autores como Picatoste (2015) e Porto (2017) destacan os precedentes migratorios galegos como impulsores e continuadores dos fluxos tradicionais. A reactivación dos coñecidos como campos sociais transnacionais fan que unha importante parte da poboación galega actual vexa nos oficios que os seus antepasados realizaban no pasado unha boa oportunidade para medrar a nivel económico. Deste xeito, sectores como o da limpeza ou a construción volven a abrílle as súas portas ás novas xeracións galegas décadas despois de que o fixera cos primeiros emigrantes en terras helvéticas (Oso, 2017).

Con esta serie de discursos, conséguese modelar un imaxinario que afasta ao actual galego ou galega da idea do emigrante económico tan típica de épocas pasadas. A persoa que emigra hoxe en día pode facelo por razóns económicas, sendo un factor presente e transversal en case todos os proxectos migratorios da actualidade. Porén, hoxe en día factores como a busca de novas experiencias, saír da zona de confort ou perseguir un status de vida idealizado en moitos países cobra notable importancia.

#### **2.4.3. Adaptación ao novo entorno**

Chegados a este punto, cómpre centrar a atención na adaptación que se produce no país de destino. O caso de Suíza presenta un contexto especial para o conxunto da emigración galega. A súa longa tradición como destino migratorio e a actual presenza de milleiros de galegos e galegas crea un clima de certa seguridade para moitas persoas que emprenden o camiño cara o país. Porén, a emigración actual representa un proceso máis heteroxéneo ca en etapas anteriores. A disparidade de características das persoas que emigran (distinta formación, principalmente) provoca que o seu entorno e día a día sexan distintos.

En relación á adaptación en tempo de crise, existen distintos estudos centrados na emigración. Un bo exemplo é o levado a cabo por Cuenca et al, (2014), no que a través dunha enquisa realizada a emigrantes españois do presente século, mídese nunha escala do 1 ao 5 o grao de dificultade que para eles supuxo adaptarse a unha serie de factores. Entre as variables distínguense “dificultades económicas”, “clima”, “lingua”, “cultura/costumes”, “dificultades para atopar traballo” e os “impedimentos para realizar

outros estudos”. Dado que a puntuación media final é de 2.56, poderíase concluír que as persoas entrevistadas non posúen grandes dificultades para se adaptar aos países nos que se atopan. Porén, a investigación conclúe que o clima [2.8], a lingua [2.7] e as dificultades a nivel económico [2.7] representan a orixe dos maiores problemas de adaptación. Ao tratarse dun estudo internacional, as respostas relativas ás dificultades co idioma poden ser menos relevantes se é o caso dun país latinoamericano. Porén, cobra notable importancia no caso de Europa Central, ao atopárense os emigrantes fronte á dificultade dunha lingua nova.

O estudo levado a cabo por Cuenca et al (2014) deixa constancia de que as persoas entrevistadas non viron a adaptación ao novo país como algo dramático, mencionando que non se recolleron casos de xenofobia ou racismo. Por contra, si que toma como importante o entorno comunitario no que se desenvolve a adaptación. A este respecto, subliña que aqueles países nos que existe unha colonia previa de españois favorece o proceso de adaptación, ao non supoñer un cambio de contexto tan dramático.

Outra forma de analizar a adaptación a un novo contexto xeográfico é observar os discursos que a xente nativa do lugar posúe sobre a inmigración galega. Nesta liña, un estudo sobre a adaptación da comunidade galega a Alemaña levado a cabo por Parcero (2020) amosa as diferenzas no que a status de inmigrante se refire. Por unha banda, o inmigrante galego é visto como un bo traballador, sendo herdeiro dunha longa tradición de migrantes que serviron como man de obra na Europa Central do século pasado. Por outra, o inmigrante galego tamén é visto de forma un pouco despectiva, ao sérenlle asociados unha serie de tópicos e estereotipos relacionados co sur de Europa e a falta de seriedade á hora de traballar ou o feito de ser unha persoa asociada só ao ocio nocturno (Parcero, 2020).

A modo de resumo das ideas expostas, podería dicirse que a adaptación do emigrante galego a un contexto estranxeiro pode depender de distintos factores. O nivel de idiomas, as experiencias previas no estranxeiro e o currículo persoal da persoa emigrante poden ser factores que abran portas á hora de infundirse máis comodamente no novo entorno. Con todo, factores como a relación coa comunidade de orixe na emigración ou a imaxe que deste colectivo pode chegar a ter a poboación local condiciona especialmente a experiencia integradora.

### 3. Metodoloxía

Tal e como se leva relatando ao longo do presente traballo, o fin desta investigación é *observar as traxectorias vitais da emigración galega en Suíza segundo o grao de cualificación académica e laboral*, así como *comprobar a vixencia das redes migratorias suízas para a actual emigración galega*. A maiores, establécense unha serie de obxectivos secundarios que tratan de abarcar todo o proxecto migratorio, poñendo o foco na traxectoria previa a emigrar, as motivacións para facelo, a adaptación ao novo entorno e as perspectivas de futuro que as persoas posúen. Desta maneira, cómpre non entender os obxectivos específicos como compartimentos estancos, senón como parte dun proceso de indagación común que tenta seguir o transcurso natural da vida dunha persoa emigrada.

Tendo en conta no que se quere profundar e as características do que se quere investigar, a escoita e recollida do relato emigrante preséntase como unha das mellores formas de abordar o caso. Deste xeito, o testemuño das persoas emigradas suporá a base sobre a que se estruturen os resultados e as conclusións, así como un novo produto teórico que se contrastará coas investigacións previamente realizadas. Dadas as características do contexto, a metodoloxía que se decide aplicar é de carácter cualitativa en base a entrevistas, sendo o contacto verbal a forma máis axeitada e factible de achegarse ao tema en cuestión.

#### 3.1. A entrevista como ferramenta de análise

A metodoloxía cualitativa posta en práctica no presente traballo é a entrevista. Dadas as características do estudo, a mellor forma de achegarse a coñecer o relato da poboación emigrante é mediante o diálogo coa comunidade en cuestión. Mediante esta interacción, o obxectivo é dar pé a que a persoa entrevistada sinta total liberdade para desenvolver a súa historia dentro dun marco temático específico.

Profundando no concepto de entrevista, cómpre mencionar que, de entre todos os tipos que desta existen, a escollida para este caso é a *entrevista en profundidade*. Para entender mellor cales son as súas características, recórrese á definición que ofrece Gaínza (2006) deste tipo de ferramenta:

*A entrevista en profundidade* pode definirse como unha técnica social que pon en relación de comunicación directa cara a cara a un investigador ou

entrevistador e a un individuo entrevistado co cal se establece unha relación peculiar de coñecemento que é dialóxica, espontánea, concentrada e de intensidade variable (Gaínza, 2006: 219-220).

O autor da definición continúa a explicación engadindo que a *entrevista en profundidade* conta cunha dobre vertente segundo o tipo de información que produce. Por unha banda, estaría a información verbal exposta de forma implícita na propia entrevista. Esta, estaría formada por palabras, significados e sentidos que os suxeitos implicados na entrevista ofrecen. Por outro lado, estaría a información non verbal que transmite a persoa entrevistada mediante xestos, miradas ou posicións corporais (Gaínza, 2006). Para o caso concreto desta investigación, as entrevistas levadas a cabo producíronse de forma telemática, ao ser persoas que xeograficamente se atopaban a quilómetros de distancia do entrevistador. Desta forma, foi necesario o emprego de novas tecnoloxías da información e da comunicación (NTICs), entre as cales destacan as redes sociais Skype e Whatsapp, así como as chamadas telefónicas. O contido das entrevistas foi recollido integramente a través da gravación do audio das mesmas.

Ao traballo de campo realizado mediante entrevistas, cómpre sumarlle as bases documentais e estatísticas consultadas. Estas, ofrecen unha visión xeral e macro das tendencias seguidas polos fluxos migratorios que, contrastándoas coas entrevistas, permiten entender o fenómeno da emigración na súa totalidade.

### **3.2. O guión e a súa estrutura**

As entrevistas, ademais de ser en profundidade, constan dunha estrutura ben definida no relativo ás preguntas e aos contidos tocados en cada unha delas. Tal e como se leva mencionando dende o inicio do traballo, a investigación fundaméntase sobre unha serie de obxectivos principais e específicos. Estes últimos, ademais de representar a traxectoria vital da persoa emigrada, serven para conformar cada un dos bloques temáticos do guión de entrevista. O guión, que se pode consultar no Anexo 1, consta de catro apartados ben diferenciados, delimitados polo obxectivo a lograr en cada un. Deste xeito, o primeiro bloque trata sobre a traxectoria previa da persoa emigrada. Nel, indágase acerca do currículo académico e laboral anterior ao momento de emigrar a Suíza. En segundo lugar sitúase o apartado de preguntas relacionadas coas motivacións que levan ao galego ou galega actual a emigrar. De forma concreta, céntrase o foco en ver cal ou cales foron os

detonantes da decisión, observando o grao de relación previa da persoa co país helvético ou cales foron as primeiras experiencias laborais que influíron neste factor chamada. En terceiro lugar sitúase o bloque que versa sobre a adaptación do individuo ao novo entorno. Nesta sección, trátase de coñecer o proceso de integración e adaptación que a persoa emigrada tivo que levar a cabo durante o seu período no estranxeiro. Mediante preguntas relativas á vivencia diaria de cada persoa, búscase indagar en feitos como a relación de cada emigrante coas comunidades de orixe e acollida. En cuarto e último lugar atópase o bloque adicado ás perspectivas de futuro, incluíndo preguntas relativas á súa situación no estranxeiro en comparación coa que terían no seu lugar de orixe ou cuestións acerca das posibilidades de asentamento ou retorno.

O guión seguido consta dunha serie de preguntas formuladas de xeito semiestructurado, de forma que estas reciban unha resposta libre a partir dun estímulo estruturado dende o inicio (Vallés, 1999).

### **3.3. Antecedentes metodolóxicos similares**

Boa proba de que a entrevista é unha ferramenta de traballo óptima para unha investigación destas características son a serie de precedentes que existen no que ao estudo das migracións se refire. O enfoque cualitativo baseado en entrevista véñse empregando dende hai anos, como ben demostra Álvarez (1995). Neste citado estudo sobre a emigración galega, o autor obtén a información a través da *entrevista en profundidade* a persoas emigradas no século XX. En palabras do autor, esta metodoloxía supuxo unha novidade no momento de realizar a investigación, ao dar conta da vida que levaban os retornados no estranxeiro e como decidiron regresar a través da narración que elaboraban os aludidos (Álvarez, 1995). Engade, en consecuencia, que o estudo da migración de retorno en Galicia enfócase dende o discurso elaborado polos retornados, apoiando este e tendo en conta tamén a información de carácter estatístico e documental.

Nunha perspectiva máis actual e en consonancia coa temática abordada nestas páxinas, existen estudos como o de Porto (2017). No seu estudo sobre a poboación galega emigrada en Suíza e os seus procesos de retorno, o autor emprega as entrevistas de carácter biográfico co fin de obter o relato emigrante. Pola súa parte, investigacións como a desenvolvida por Rodríguez (2017) centran a súa atención nos procesos migratorios da mocidade universitaria española. En palabras do propio autor, a entrevista representa



unha técnica adecuada para o caso de estudo, xa que “amosa dende a propia voz dos protagonistas como viven e experimentan os seus procesos migratorios e como estes migrantes actúan e reconstrúen os seus sistemas de representación social nas súas prácticas individuais e colectivas” (Rodríguez, 2017: 2016).

Esta clase de precedentes ofrecen unha bagaxe teórica consistente, permitindo entrar no estudo da emigración baixo o amparo dunha metodoloxía cualitativa de eficacia probada.

### **3.4. Metodoloxía inicial e metodoloxía finalmente aplicada**

Como xa se vén comentado ao longo das páxinas deste traballo, o obxectivo principal do traballo era indagar nas diferenzas que existían nos procesos migratorios da xuventude galega segundo o nivel formativo presentado. Tal e como se describiu, non é posible coñecer con exactitude que porcentaxe de persoas emigra cun nivel de estudos máis ou menos alto. De igual forma, tampouco é posible obter datos fiables que acheguen en que sectores de ocupación laboral se empregan os galegos e galegas emigradas en Suíza. Con todo, o INE (2022) ofrece datos xerais acerca do nivel de formación e dos sectores de laborais nos que se emprega o común da sociedade española. Debuladas estas estatísticas no marco teórico, establécense unha serie de categorías de formación estandarizadas que se toman como referencia.

Nun primeiro momento, proxectárase unha metodoloxía que tiña como fin dividir á poboación de estudo en dous grupos: persoas con estudos superiores e persoas sen estudos superiores. Esta clasificación tiña por obxectivo encadrar á comunidade galega en dous grupos que facilitarán a análise e deran conta dos obxectivos. A raíz desta idea, dispúxose dun primeiro esquema composto dun total de 12 entrevistas, das cales 6 estarían destinadas a persoas con formación superior e 6 a persoas sen este tipo de estudos. Con todo, co avanzar do traballo, foi quedando claro que a dicotomía con-estudos/sen-estudos carecía de sentido no panorama actual. Tendo en conta as características da xuventude actual, así como o seu nivel de estudos, é fundamental incluír toda a variedade de estudos existentes, xa sexa en canto a nivel ou especialidade.

Reformulada a idea inicial, procedeuse a artellar un novo esquema tipolóxico que clasificara dun xeito máis xusto a todas as persoas entrevistadas. Así mesmo, a dispoñibilidade de tempo provocou que o obxectivo inicial de 12 entrevistas se reducira

a un total de 9, como a continuación se detallará. En canto ás categorías tipolóxicas, tomouse como referencia a clasificación de 2011 que ofrece o INE para os distintos niveis de estudos. Téndoa en conta e realizando unha serie de modificacións que permitan que sexa máis maleable de cara á análise, establecéronse 4 categorías:

- Nivel de formación **Baixo**: inclúense a aquelas persoas que posúen unicamente a Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) ou que non posúen dito título.
- Nivel de formación **Medio-Baixo**: inclúese a aquelas persoas que posúen título/s de formación profesional de nivel medio.
- Nivel de formación **Medio-Baixo**: inclúese a aquelas persoas que posúen título/s de formación profesional de nivel superior.
- Nivel de formación **Alto**: inclúese a aquelas persoas que posúen título/s de carácter superior (véxase formación universitaria de primeiro ou segundo ciclo).

Baixo esta clasificación, cóntase finalmente cun total de 9 entrevistas<sup>9</sup>: 2 a persoas de nivel formativo Baixo, 2 a persoas de nivel formativo Medio-Baixo, 2 a persoas de nivel formativo Medio-Alto e 3 a persoas de nivel formativo Medio-Alto. En todas as “parellas” de entrevistados/as cóntase cunha equidade en canto a xénero, sendo 1 home e 1 muller en cada unha delas. No caso no grupo de formación Alta, das 3 entrevistas, 2 son mulleres e 1 home. A pesar de que as persoas poden presentar diferencias segundo os distintos chanzos formativos que presentan, o certo é que o grupo composto por poboación de formación universitaria presenta características propias e notablemente diferenciadas do resto, tal e como se observará na análise de resultados posterior.

A modo de resumo, e logo de completar o total de entrevistas programadas para a metodoloxía final, amósase a seguinte táboa tipolóxica. Mantendo o anonimato das persoas entrevistadas, establécese un código de referencia para asociar a cada persoa. A maiores, introdúcese información relativa ao nivel de formación, o xénero, a idade, o período total que leva a persoa emigrada en Suíza e tanto o lugar de orixe en Galicia como o lugar de acollida en Suíza:

---

<sup>9</sup> Para consultar os datos relativos a duración da entrevista e medio empregado para a súa realización, consultar o Anexo 2.

**Táboa IV. Tipoloxía das persoas entrevistadas**

Código do/a entrevistado/a	Nivel de formación	Xénero	Idade	Ano no que emigrou a Suíza	Lugar no que se encontra emigrado/a <sup>10</sup>	Lugar de orixe
E1	Baixo	Feminino	32	2013	Genève	Padrón
E2	Baixo	Masculino	23	2019	Zúric	Laxe
E3	Medio-Baixo	Feminino	32	2012	Menziken	Carballo
E4	Medio-Baixo	Masculino	37	2012	Genève	Sanxenxo
E5	Medio-Alto	Feminino	35	2019	Vevey	Ourense
E6	Medio-Alto	Masculino	27	2020	Sankt Gallen	Dumbría
E7	Alto	Feminino	27	2016	Genève	Oleiros
E8	Alto	Feminino	38	2011	Zúric	A Laracha
E9	Alto	Masculino	42	2022	Schattdorf	Vigo

Táboa de elaboración propia cos datos proporcionados polas persoas entrevistadas.

Chegado este punto, cómpre facer referencia ao proceso mediante o cal se logrou poñer en contacto ao investigador coas persoas entrevistadas. Dada a distancia xeográfica e a imposibilidade de trasladarse a Suíza a realizar o traballo de campo, a realización do traballo foi en boa parte grazas á presenza dunha figura intermediadora. Para este caso, trátase dunha xornalista e escritora especialista en emigración. Conta cunha ampla experiencia no tema, xa que leva emigrada e en contacto coa diáspora española e galega dende hai máis de dúas décadas. Ademais, formou parte da Comisión Delegada das

---

<sup>10</sup> Os nomes dos distintos lugares están escritos respectando a versión lingüística maioritaria do cantón ao que pertencen.

Entidades no Exterior, sendo responsable por Europa na Xunta de Galicia. Actualmente, preside a plataforma *embaixada.gal*. Dadas as súas características profesionais e persoais, a facilidade para atopar persoas dispoñibles para entrevistar foi total, convertendo en sinxelo un proceso que ben podería ser longo e de complicado acceso<sup>11</sup>. A pesar de que o contar case cunha única figura destas características facilitou moito a consecución dos encontros, é posible que o recorrer só a unha persoa nesgue en certa forma os resultados obtidos. Porén, as vivencias das persoas son independentes e particulares, atopándose en contextos distintos e sendo de procedencias distintas (como se pode ver na Figura 3). Atendendo a isto, considérase que os resultados posúen un carácter propio e que a representatividade e validez destes é a necesaria.

**Figura 3. Localización xeográfica das persoas entrevistadas**




Figura de elaboración propia cos datos proporcionados polas persoas entrevistadas.

Un dos feitos máis salientables á hora de contar con esta figura intermediaria foi a posibilidade de superar a barreira xeográfica con relativa facilidade. A través da posta en contacto a distancia coas persoas entrevistadas, así como a posibilidade de poder contar

<sup>11</sup> Das 9 entrevistas, un total de 8 foron conseguidas pola xornalista mencionada. O contacto co entrevistado restante (E6) foi proporcionada por unha persoa do entorno do investigador.

coas NTICs de cara a realizar os encontros facilmente. Con todo isto, o feito de realizar unha investigación intracontinental con investigadores e suxeitos de estudo separados por quilómetros foi posible.

## 4. Resultados

### 4.1. Obxectivo 1

Para este primeiro obxectivo tratábase de *indagar no currículo e traxectoria vital previas á emigración da mocidade galega emigrada en Suíza*. Cunha primeira pregunta relativa ao nivel de estudos foi posible encadrar ás persoas informantes en cada un dos grupos de nivel formativo, establecendo unha clasificación que marcou totalmente a análise. De forma seguida, preguntas relativas aos precedentes migratorios que familiares ou amizades de cada informante posuía en Suíza, así como cuestións referentes a experiencias previas no estranxeiro e a nivel laboral antes de emigrar ao país helvético buscaron profundar na vida das persoas antes de emigrar.

Profundando no nivel de estudos de cada persoa entrevistada, aprécianse certas diferenzas en canto ao dominio de linguas estranxeiras. Ao tratárense todos de persoas criadas en Galicia durante a súa xuventude, a competencia en galego e castelán dáse por presuposta. Así mesmo, case todas as persoas mencionan ou ben inglés ou ben francés como linguas estranxeiras nas que posúen certo nivel de carácter básico. As persoas de nivel formativo Baixo e Medio contan como recibiron nocións destes idiomas durante a súa etapa escolar, pero sen chegar a definirse en ningún caso como altamente cualificadas para o seu uso e emprego habitual. Entre os casos destes dous niveis formativos, cómpre mencionar que E3 si que recibiu unhas leccións previas de alemán a emigrar por parte dun coñecido. Así, obsérvanse por primeira vez como os contactos estreitos con antigos emigrantes proporcionan soporte e apoio informativo incluso antes de emprender o camiño ao estranxeiro:

“Fixen, por un contacto de miña nai, por un suízo que vivía en Carballo... demos así como unhas clases de charla en suízo e tal, e enseñábame vocabulario. [...] Entonces, vin así un pouco sabendo decir “ola”, “plato”, “chao”... [*risas*]” (E3, Nivel Medio-Baixo).

No caso das persoas con nivel formativo Medio-Alto e Alto, si que se aprecia unha maior competencia lingüística a niveis máis xerais. Salvo a excepción de E5, que comenta como emigrou cun escaso nivel de francés, as tres persoas de nivel formativo Alto e E6 (do Medio-Alto) mencionan notables competencias idiomáticas. No caso do último, cómpre facer referencia á súa casuística persoal. O feito de ter nacido en Suíza e que seus pais se atopen en Suíza na actualidade provocou que conte cun C1 en alemán, ademais dun B1

en inglés. No caso das persoas de formación superior, tamén se aprecia un alto nivel no relativo ao idioma. Tanto nos casos de E7 (inglés e francés) como nos de E8 (alemán e inglés) e E9 (inglés e portugués), destaca a importante correlación que parece establecerse entre alcanzar estudos universitarios e progresar no dominio de linguas estranxeiras.

Ao falar da emigración, o apartado lingüístico non debe ser nunca tomado á lixeira, pero menos aínda se do caso de Suíza se está a falar. Como ben é sabido, no país helvético existen catro idiomas oficiais, entre os cales destacan o francés, o alemán e o italiano<sup>12</sup>. Cada un destes idiomas conta coa súa propia zona de influencia, dividindo o país en zonas francesas, italianas ou alemás. Neste sentido, o coñecemento ou o interese por achegarse a unha lingua ou outra por parte da emigración galega dependerá de en que cantón se encadre cada persoa. A este respecto, é interesante sinalar como varias das persoas entrevistadas valoran o francés e o italiano como linguas sinxelas de aprender (debido á súa orixe latina), así como o feito de que o alemán falado en Suíza sexa unha variedade dialectal en ocasións complicada de captar para persoas formadas na forma estándar desta lingua xermánica.

Outro punto interesante de análise son as experiencias laborais previamente vividas. Neste sentido, as 9 persoas entrevistadas mencionaron posuír varios empregos previos a establecerse en Suíza. Como no caso anterior, o grao de formación previa marca de forma inevitable o tipo de empregos, así como a súa especialización ou non especialización. No caso das persoas de formación Baixa, ao non avanzar máis alá do primeiro grao de estudos secundarios (título de educación secundaria obrigatoria), as súas experiencias laborais non se poden encadrar dentro dunha especialidade formativa. A pesar disto, o carácter dos empregos mencionados por E1 e E2 non se asocia a unha alta cualificación, sendo traballos de hostalería, atención ao público ou pesca. No caso de E3, as experiencias laborais previas tampouco se relacionaban coa Formación Profesional que cursara, sendo o máis salientable un emprego conseguido a media xornada nunha tenda de roupa.

No resto de persoas entrevistadas, si que se aprecian experiencias previas asociadas á formación que estas cursaran. En canto á emigración de formación Media-Alta, recóllense experiencias laborais relacionadas cos estudos cursados, aínda que no caso de E5 tamén figuran traballos relacionados coa hostalería ou o ocio nocturno. Pola súa parte, as

---

<sup>12</sup> A cuarta lingua oficial é o romanche, falado no cantón de Grisóns. De status minoritario entre a poboación local suíza, non se apreciou influencia de ningún tipo entre a comunidade galega entrevistada.

entrevistas realizadas a xente de formación Alta tamén coinciden na presenza de empregos relacionados cos estudos cursados. Como peculiaridade a destacar neste caso cabería mencionar a variedade xeográfica na que E7 e E9 as levaron a cabo, destacando cidades lonxe de Galicia como son Madrid ou Barcelona. De igual forma, tamén é importante facer referencia á faceta emprendedora de E9 á hora de crear dúas empresas de medicina capilar e estética, respectivamente.

Ao respecto do traballo, son varias as ideas que se poden extraer. En primeiro lugar, a idade das persoas entrevistadas (salvo E2, todas maiores de 25 anos) incita a que todas posúan un período vital suficientemente amplo como para inserirse e desenvolverse laboralmente. Partindo deste feito, resulta esperable que todas as persoas entrevistadas posúan experiencias laborais previas. O realmente destacable é como varias das persoas con niveis de formación Medio-Baixo e Medio-Alto mencionen ter sido empregadas en traballos non relacionados coa súa formación. A miúdo, o traballo non cualificado é visto como medio para gañar cartos de forma doada e compatible con outros proxectos vitais durante un tempo. Un caso claro é o da hostalería, na que moitos mozos e mozas como E4 se empregan durante a xuventude para obter certos aforros. Se ben isto entra dentro dunha realidade relativamente estendida, non deixa de estrañar como ao avanzar no tempo e progresar no nivel de estudos, a precariedade laboral e o emprego en postos de menor cualificación aos estudos posuídos parece enquistarse na vida da mocidade. Como mencionan Alegre e Benito (2009), este fenómeno recibe o nome de descualificación, sendo unha problemática que afecta en xeral á xuventude que viviu a crise económica en primeira persoa. Dentro das entrevistas realizadas e para o escenario previo á emigración, casos como os de E3 e E5 son casos representativos desta realidade. A pesar de que ámbalas dúas posúan ciclos de formación profesional orientados a sectores específicos, o traballo precario e non cualificado estivo presente durante boa parte da súa vida ante a imposibilidade de atopar oportunidades nos seus sectores:

“Aquí [Suíza], por exemplo, empezan a estudar e están traballando tamén. Entonces, cando terminan un ciclo de 3 anos, de 2 ou de 1 teñen unha experiencia que flipas. Pero en España pídenche experiencia, máis non che dan traballo [*risas*]. E ao final pois... querémoslos novos, con experiencia...” (E3, Nivel Medio-Baixo).

“Antes de emigrar pa’ aquí trabajaba en una panadería pues porque ganaba más de lo que ganaba trabajando en una oficina. [...] Alternaba dos o tres



trabajos. Trabajaba también de noche, pues porque con un sueldo en Galicia no se vive, la verdad” (E5, Nivel Medio-Alto).

A descualificación é un fenómeno presente en moitas etapas da vida activa, pero en especial durante a xuventude. Por este motivo, o papel que xoga como motivación para emigrar, así como a súa presenza como saída laboral durante o período migratorio será analizada nos seguintes apartados.

Como se ten comentado en numerosas ocasións durante o presente traballo, a emigración a Suíza actual non é máis que a prolongación dun proceso que conta con varias décadas de historia. Iniciada durante os anos 60, a presenza de poboación galega no país helvético durante todo este tempo é un feito ben coñecido (Álvarez, 1995). Inicialmente programada para o aforro, o paso dos anos fixo que a diáspora galega se establecera en Suíza co fin de conformar un proxecto de vida estable no tempo (Picatoste, 2015). A través deste feito, é interesante coñecer que grao de relación posúe cada persoa coas redes migratorias asentadas no século pasado. Segundo o recollido nas entrevistas, das 9 persoas contactadas, 5 aseguran ter familiares próximos emigrados en Suíza. Salvo o caso de E5, que non posuía ningún parente na emigración, o total de persoas de formación Media-Alta, Media-Baixa e Baixa declaran ter pais, tíos ou sogros no país helvético. Por contra, as 3 persoas de formación Alta non mencionan ningún tipo de lazo familiar previo co entorno de acollida.

Ao respecto do anterior, poderíase aventurar a dicir que, canto menor é o grao de formación, maior presenza teñen as redes familiares na vida das persoas emigradas. En consonancia co mencionado por distintos autores, semella que o itinerario migratorio das persoas menos formadas é máis semellante ao que posuían aquelas que emigraban no século XX (Álvarez, 1995). Por contra, a menor influencia das redes familiares na xente con estudos superiores encádrase dentro do proceso individual propio das novas migracións do século XXI, máis asociadas á alta formación (Parceró 2020).

A formación e experiencias laborais previas, así como os lazos familiares existentes con Suíza marcan a vida da persoa emigrante antes incluso de iniciar o proceso. Con todo, esta rede de relacións familiares, formativas e laborais representan unha base sobre a que se comeza a fraguar o proxecto migratorio futuro. Tomando isto en conta, no seguinte apartado detállanse as motivacións que levaron á poboación emigrante a saír de Galicia.

## 4.2. Obxectivo 2

Para o segundo dos obxectivos formulados, buscábase *afondar nos motivos que levan á mocidade galega actual a emigrar a Suíza*. Como se comentou no anterior apartado, as motivacións están intimamente ligadas ás experiencias vividas previas ao inicio do proxecto migratorio. De forma xeral, podería dicirse que as motivacións son unha serie de sentimentos que serven de detonante para decidir as maletas con destino Suíza. Así, para tratar de dar conta deste obxectivo, no guión de entrevista programáronse unha serie de preguntas relacionadas coas razóns que incitaron á persoa a emigrar, aquelas que provocaron que se decantara por Suíza como destino ou o grao de contacto previo que tiña co país helvético. A maiores, tamén se indaga neste apartado sobre as primeiras experiencias laborais que viviron as persoas emigradas en Suíza, así como as seguintes que foron experimentando.

Como xa se comentou con anterioridade, as redes familiares na emigración xogan un papel fundamental á hora de abri-lle as portas de Suíza á mocidade galega do século XXI. Atendendo ao exposto ata o de agora, pódese sentenciar que as persoas con menor nivel formativo emigran posúen unha maior relación con parentes emigrados, os cales “tiran” por eles e elas, animándoos a emigrar e representando un importante punto de apoio inicial. Casos concretos neste tipo de vivencias son E3 e E4:

“A opción foi esta [Suíza] porque tamén taba miña tía e, queiras que non, facilítache mogollón as cousas. Non é coma ir sola, ir ao mellor primeiro pa’ un hotel... ou o que sea” (E3, Nivel Medio-Baixo).

“Viñen porque tiña aquí familia. Tiña a meus tíos, que levaban xa desde que eran rapaces aquí, desde que viñera meu abuelo. E como non daba atopado do meu alá fóronme animando. Sobre todo meu tío foi quen me tirou un pouquiño, miña nai tamén me empuxou un pouco a animarme a intentalo... e chegou un momento no que tomei a decisión” (E4, Nivel Medio-Baixo).

Para os grupos de nivel formativo Baixo e Medio-Alto tamén se aprecia unha alta influencia da familia á hora de facer as maletas (salvo no caso de E5, que xa se comentou que non posuía familia en Suíza). No caso contrario atópanse as persoas do Nivel de formación Alto. Para este perfil, ningunha das tres persoas entrevistadas manifestou presenza de familia en Suíza, polo que o seu camiño cara o país helvético foi máis solitario e cun itinerario máis individual. De forma concreta, E7 emigrou para cursar un mestrado,

E8 emprendeu o camiño animada por unha amiga emigrada en Suíza e E9 a través dunha oferta de emprego atopada por Internet.

A modo comparativo, son notables as diferenzas presentadas entre os distintos perfís. As persoas con niveis de formación Medio-Alto, Medio-Baixo e Baixo semellan ser animadas e empurradas polos seus entornos familiares ao proceso migratorio. Mentres tanto, as persoas de Nivel formativo Alto son elas mesmas as que buscan e crean os seus contextos propicios para levar a cabo a emigración a Suíza.

Máis alá de posuír ou non redes familiares en Suíza, as persoas que emprenden o camiño lonxe das súas fronteiras teñen unhas motivacións principais que marcan o devir do seu proxecto. No relativo ao motivo principal mencionado nas entrevistas destacan cinco: o económico, o laboral, o estudantil, o familiar e as ansias de ver mundo. A motivación económica aparece presente nas catro persoas pertencentes aos niveis formativos Baixo e Medio-Baixo. O factor laboral aparece presente en 3 individuos, que son aqueles que argumentan que un certo descontento co seu sector laboral en Galicia, ben sexa en número (E6 e E8) de oportunidades ou en calidade das mesmas (E9). Pola súa parte, o ver mundo como unha das razóns é sinalado por E3 e por E6, pero como motivo secundario neste caso. Por último, os motivos familiares e estudantís son mencionados unicamente por 2 persoas, respectivamente.

Analizando as motivacións principais mencionadas polas persoas entrevistadas, destaca como a motivación económica cobra maior importancia canto menor é o nivel de formación. Por contra, canto maior é o nivel de formación, máis tendencia existe a que aparezan motivos como o desencanto coa profesión no lugar de orixe ou a falta de oportunidades para desenvolvela de forma específica. Nesta balanza de contrastes artéllanse discursos opostos como os seguintes:

“A crisis. A crisis, o tema das condicións laborais, o tema dos salarios e... que non se podía permitir un vivir dignamente ben con un traballo formal. Estaba mal pagado, condicións malas...” (E1, Nivel Baixo).

“As motivacións son varias: a principal e máis importante quizais é o astío, o artazgo que eu teño de como é a profesión médica en España. [...] En moitas partes de Europa é unha profesión que está moi denostada [...]. E logo tamén o ritmo de traballo que hai en España, tanto se estas nunha empresa, tanto se

traballas nun hospital ou nunha clinica... chega a ser ás veces incluso delirante” (E9, Nivel Alto).

Mediante exemplos deste tipo, queda de manifesto que as motivacións e a visión que se ten sobre o traballo varían segundo o nivel de formación que se posúe; mentres que nuns casos se prioriza o sentido material e económico do emprego, noutro dáselle máis peso ao valor simbólico que pode chegar a ter a profesión que se desenvolve.

A pesar de que a emigración parece un proceso que busca satisfacer as demandas a nivel persoal e profesional das persoas que emprenden o proceso, o certo é que o sector de ocupación non sempre é acorde ao nivel de estudos alcanzado pola persoa. Se antes se falaba da descualificación como un gran obstáculo no crecemento persoal dos individuos en Galicia, o certo é que a descualificación tamén está presente unha vez o camiño cara Suíza está emprendido. Un caso salientable é o de E8, pertencente ao Nivel formativo Alto. Aínda que se trata dunha muller con estudos superiores en Relacións Laborais, unha vez chegada a Suíza tivo que empregarse en traballos de hostalería e limpeza, entre outros.

Chegados a este punto, cómpre mencionar no eido como no eido ocupacional interseccionan dous fenómenos mencionados con anterioridade. En primeiro lugar, queda patente como a descualificación mencionada por Alegre e Benito (2009) é un fenómeno presente tanto no momento previo a emigrar como durante o proxecto migratorio en si. A pesar de que os ingresos percibidos por E8 en Suíza como limpadora podían ser maiores que os que percibiría en Galicia nun posto acorde á súa formación, o certo é que se trata dun caso de descualificación. En segundo lugar, e facendo referencia ao estudo de Oso (2017), o feito de que unha muller galega actual estea empregada no mesmo sector que as súas homólogas dos anos 70 presenta un claro caso de reactivación dos campos sociais transnacionais. Se ben E8 non conta cunha relación directa coas mulleres galegas que se adicaban á limpeza décadas atrás, si que se trata dunha herdeira que mantén o status da muller emigrante galega. De igual forma, casos como o de E2 representan outro tipo de reactivación dos campos sociais transnacionais. Neste caso, o entrevistado eríxese como herdeiro daqueles homes que se empregaban no sector da limpeza co fin de aglutinar a maior cantidade de cartos posibles (Richter, 2004).

Se o currículo e experiencia previas á emigración supoñían unha importante base para os sentimentos e motivacións experimentados posteriormente, o certo é que estas motivacións e conexións laborais que se establecen representan un dos piares sobre os

que se estrutura a adaptación ao novo entorno. Seguindo pois esta análise vital lineal da emigración galega, o próximo apartado dos resultados orbita sobre a integración galega en Suíza.

### **4.3. Obxectivo 3**

O terceiro dos obxectivos específicos trataba de *analizar a adaptación ao novo entorno por parte da mocidade galega emigrada en Suíza*. A través de variables como o traballo, as relacións sociais coas comunidades de orixe e acollida ou o status como inmigrante tratouse de coñecer o grao de adaptación que existe por parte dos galegos e galegas emigradas en Suíza. En consecuencia, a través das preguntas deste bloque temático tratouse de seguir profundando na experiencia emigrante. Desta vez, tomando xa como plena referencia a estadía no estranxeiro da poboación de estudo e as súas experiencias cotiás. Antes de comezar a debullar os resultados obtidos é importante sinalar o feito de que a adaptación é un fenómeno subxectivo e que pode variar, por exemplo, segundo o tempo que se leve emigrado. A este respecto, cómpre dicir que existen diferencias entre as persoas entrevistadas, sendo o 6 o número medio de anos que o grupo de emigrados e emigradas leva en Suíza. Porén, existen casos extremos que levan case 11 anos en Suíza (E8) e outros que levan menos dun ano (E9). En consecuencia, as respostas que as persoas ofrecen neste apartado están condicionadas ao tempo que levan emigradas.

Ao igual que no bloque anterior se buscaba coñecer cal fora o detonante principal á hora de emigrar, no caso da adaptación buscouse saber que factor é o que marca a diferenza no relativo á integración en Suíza. A este respecto, e ao igual que para todos os obxectivos marcados, obtivéronse distintas respostas dependendo do grao de formación que cada individuo presentaba. Para o global das entrevistas, os factores que marcan a adaptación da emigración a Suíza son: a lingua, a estabilidade persoal ou económica e o saber relacionarse co país a través dos códigos do país.

Para as persoas entrevistadas, a estabilidade é entendida como seguridade económica e como planificación diaria a partes iguais. A este respecto, poderíase dicir que é unha idea bastante estendida entre a comunidade galega, a cal valora moi positivamente tanto a confianza en chegar a fin de mes como a seriedade nos horarios, as rutinas de funcionamento diarias.

“A estabilidade. A estabilidade pa’ min é moi moi importante. Pero foino sempre. No sentido... pois eso, que podes chegar a fin de mes, que podes disfrutar, que podes... e que non tes que estar pensando... [*sopra*] que non chego. [...] Pa min foi superimportante poder alquilar un piso sola, porque eso pa’ min en Coruña era imposible” (E3, Nivel Medio-Baixo).

“La economía. Ese es el factor clave [*risas*]. No, a ver... porque tú aquí trabajas tus horas, no tienes que hacer cincuenta mil horas como haces en España. Y si las tuvieras que hacer te son remuneradas, no como en España. Tienes tus días de descanso, que en España se lo pasan por el forro...” (E5, Nivel Medio-Alto).

Se ben a estabilidade é mencionada de forma literal ou implícita en case todos os encontros, o facto principal á hora de marcar a adaptación semella ser o idioma. Tanto é así, que en case todas as entrevistas realizadas se fai referencia a el como obstáculo ou como chave á hora de dificultar ou facilitar a relación co entorno. Por contra, non todas as persoas entrevistadas teñen a mesma percepción, e existen casos nos que o idioma non parece ser obstáculo. Analizando polo miúdo este fenómeno, apréciase que nos Niveis formativos Baixo e Medio-Baixo o dominio do alemán ou o francés non é sempre algo fundamental. Así o menciona E4, que polo feito de desenvolverse nun contexto laboral e social ligado á comunidade de orixe, o levar 10 anos en Suíza e non ter un pleno dominio do francés non supón un obstáculo para el. De igual maneira, pero dun xeito indirecto, E2 tamén valora moi positivamente o feito de que en case calquera contexto suízo exista sempre unha persoa con certo dominio do castelán ou do galego. No caso contrario, as 3 persoas do Nivel formativo Alto mencionan como motivo principal para se adaptar correctamente o bo dominio da lingua local.

Tras presentar os resultados relativos á lingua é necesario pararse a reflexionar acerca deles. De acordo ao exposto por Cuenca et al. (2014), a adaptación levada a cabo en países nos que existe unha tradición emigrante previa é un proceso máis doado. O familiar das relacións e o emprego maioritario das linguas de orixe fan que a emigración teña que sufrir un proceso menos dramático (Álvarez, 1995). Neste sentido, é doado supoñer como aquelas persoas que se atopan máis en relación coas comunidades galega e española en Suíza poñan como factores integradores principais outros que non sexan a lingua foránea, pois non están tan obrigados a usala. De igual forma, as persoas que se atopan menos en contacto coa diáspora peninsular atópanse coa obriga de ter que desenvolverse

habitualmente nas linguas locais, de aí que as cataloguen como mecanismo básico para a adaptación. A través desta premisa, pódese afirmar con seguridade que a maior formación e maior individualismo no proceso migratorio maior importancia cobra o idioma.

Máis alá da lingua, diversas persoas da formación Media-Alta e Alta (E6 e E8) mencionan as costumes e os códigos sociais da xente local como un factor tamén importante á hora de relacionarse e adaptarse ao entorno de forma correcta, mencionando ideas como que “es ti quen te tes que adaptar a eles, non eles a ti” (E6, Nivel Medio-Alto). Novamente, parece que os factores materiais como o diñeiro e o traballo cobran maior importancia no proceso de adaptación das persoas con menor nivel de estudos, mentres que factores menos intanxibles como a lingua ou os códigos de comunicación son máis detectados como importantes pola comunidade máis formada.

Chegado este punto, e logo de indagar nos factores de adaptación e nas relacións coa comunidade de orixe, queda saber como se desenvolve a emigración galega en relación á comunidade local de acollida. Como se ten mencionado en distintos estudos, a visión que se ten do inmigrante galego en certos países como Alemaña ou Suíza está fortemente condicionada polos precedentes emigrantes nestes respectivos países (Parcero, 2020). Así, o status que posúe a comunidade galega é de positivo en moitos casos, especialmente naqueles sectores laborais nos que a emigración peninsular leva traballando durante décadas. Por contra, cabe a dúbida de ver se este status se mantén nas persoas que se empregan en oficios pouco relacionados coa historia da emigración galega.

Segundo o recollido nas entrevistas, aprécianse certas diferencias no status percibido como inmigrantes. As catro persoas pertencentes aos Niveis formativos Baixo e Medio-Baixo declaran percibir un bo trato por parte da comunidade local suíza:

“Eu vexo eso por dous motivos. Primeiro, porque xa temos tradición de ser emigrantes e buscarnos a vida. Eso é así. Eu, na miña familia, por exemplo, xa é así de sempre. E despois, unha cousa que é certo, sobre todo a nivel Suíza e nivel Alemania, polo que teño entendido, a man de obra, sobre todo gallega, [...] por ter fama de ser traballadores e bos traballadores temos moita fama. E eso axuda bastante” (E4, Nivel Medio-Baixo).

No caso contrario atópase as persoas con maior nivel de formación, onde o grupo de formación Alta declara dous status diferenciados. Por un lado, no caso de E7 e E9 percíbese un status elevado pola súa formación e ocupación laboral fan que sexan persoas

respectadas e ben consideradas no entorno suízo. Por outro, as tres persoas deste grupo declaran observar como o español é percibido como persoa langrana, pouco seria e asociada á informalidade:

“Somos do sur e entonces o noso *status* é de latino... de que non somos xente seria, de que... de que non vimos a traballar. Pero eso é un pouco tamén pola emigración de antes, non? Porque eu noto cando eu viña fai 11 anos que se quedaban mirando e tal, porque moitos non aprendían o idioma. [...] Si que tiñan unha opinión de nós un pouco tal, pero despois empezaron a ver que viñamos coas nosas carreiras, a traballar nos hospitales, nos bancos...” (E8, Nivel Alto).

“Os suízos non distinguen entre un español de San Sebastián e un español de Sevilla e un español de Vigo. Non distinguen iso. España para eles é unha cousa que está no sur e *le gusta el flamenco, los toros...* a festa e estar todo o día bailando... e latino e tal” (E9, Nivel Alto).

Desta forma, destaca o contraste que a través das distintas declaracións se distingue entre os distintos niveis de formación. Con todo, o que poderían ser posturas independentes e sen relación entre elas cobra maior relevancia cando se lles pregunta ás persoas de formación superior por que non perciben ese status positivo que os seus paisanos de menor formación si desfrutan. Ante este feito, establécese unha especie de debate interno no que os primeiros opinan sobre os primeiros:

“Ti podes coller unha persoa para traballar porque che produce, estamos falando de cartos. Estamos falando da construción, da limpeza, que eles non queren facer. [...] Entonces si, valórote como bo traballador, pero o racismo existe” (E8, Nivel Alto).

“A xente vén aquí pensando que vai dar o pelotazo. E eu creo que é iso, polo que eu vexo. Eles pensan “buah... país moderno... vou gañar moito máis que en España, vou gañar moito máis que en España...”. Tamén o nivel de vida é moito máis caro [...]. Pero a veces o que eu vexo é que non están dispostos a aceptar certos sacrificios que conleva estar nun país que non é o teu” (E9, Nivel Alto).



A través deste tipo de respostas o que se extrae é certa desmitificación da idea do emigrante galego como traballador ben valorado. Dende o punto de vista das persoas máis formadas, si que existe un bo trato por parte do suízo cara a persoa vida de Galicia, pero soamente entendido dentro do contexto do traballo precario.

O nivel de adaptación que unha persoa pode experimentar está condicionado por distintas variables. Como se acaba de ver, as relacións sociais con un ou outro entorno, a lingua e o status persoal que cada individuo percibe marcan de forma transcendental a experiencia migratoria de cada quen. Estudos como o de Cuenca et al. (2014) sinalan como o clima, a lingua e as dificultades económicas eran os maiores avaliadores de adaptación emigrante. En contraste con este estudo cuantitativo, a través das presentes entrevistas apréciase como varias desas variables coinciden, sendo a estabilidade, a lingua e as relacións sociais os principais motivos de preocupación entre a poboación de estudo.

O feito de coñecer a traxectoria vivida pola emigración ata o momento fai que se poida establecer unha idea da experiencia xeral da comunidade galega no estranxeiro. As experiencias previas, as motivacións e as vivencias e adaptación xa en terreo suízo marcan notablemente o presente, pero sobre todo, o futuro das persoas. Seguindo esta idea, no seguinte apartado detállanse as perspectivas que a poboación posúe para o día de mañá.

#### **4.4. Obxectivo 4**

No último dos obxectivos secundarios, o fin era *coñecer as perspectivas de cara a futuro da mocidade galega emigrada en Suíza*. Tras analizar toda a traxectoria vivida ata o momento polos galegos e galegas emigradas en Suíza, era momento de delimitar as proxeccións que esta comunidade facía a curto, medio e longo prazo. Para indagar neste fenómeno, realizáronse preguntas que tiñan por fin comparar a súa situación coa hipotética situación que terían no seu lugar de orixe.

A diferenza dos anteriores apartados, o feito de falar do futuro implica tratar hipóteses, proxectos e ideas aínda non realizadas. A emigración galega establecida en Suíza fala con claridade cando é preguntada polo seu pasado, polas motivacións ou experiencias pasadas, pero non amosa tanta claridade cando se lle pregunta polo día de mañá. Seguindo o método de bloques anteriores, tentouse dar cos factores concretos que marcarán as

decisións futuras dentro da comunidade, poñendo sobre a mesa as opcións de asentamento e retorno.

Das 9 persoas entrevistadas, 3 declaran que a súa intención no futuro é volver a Galicia, 3 que o retorno é unha posibilidade que teñen en mente pero que non o é segura e 3 que non teñen entre os seus plans volver a Galicia. A nivel xeral, as decisións de retorno ou asentamento non son branco ou negro, senón que nelas caben numerosos matices e condicionantes persoais. Entre os condicionantes principais poderían destacarse a familia, a estabilidade económica e as oportunidades de emprego en sector específico.

De entre as tres persoas que teñen en mente retornar de forma relativamente segura existe variedade en canto ao perfil. Tanto é así que as persoas que manteñen esta postura pertence cada unha aos Niveis formativos Baixo, Medio-Baixo e Medio-Alto, respectivamente. En todas elas a familia ou as relacións sociais xogan un papel primordial, sendo factor de atracción para quedar ou volver a Galicia. No caso de E1, a idea de volver sempre estivo presente, pero o feito de que os fillos se críen en Suíza aproxímaa á decisión de quedar. Pola súa parte, E3 comenta que a pesar de que se atopa moi cómoda en Suíza, sempre tivo claro que, de ter fillos, non quería que estes se criaran lonxe de seus avós. De xeito similar, E6 menciona que o factor social é a principal atracción para volver a Galicia, pois alí están as súas amizades e entorno próximo:

“Depende sobre todo de relacións sociais. Se por exemplo coñezo aquí unha muller e me caso con ela igual me quedo aquí, ou igual me vou a Galicia, igualmente. Eu penso que dependería, sobre todo, de razóns persoais; se casarme ou... non sei, a verdade...” (E6, Nivel Medio-Alto).

Pola súa parte, das persoas que descartan o retorno a Galicia teñen un perfil máis homoxéneo, sendo E5 de Nivel formativo Medio-Alto e E7 e E9 do Nivel formativo Alto. No caso de E5, a razón pola que non retornaría a Galicia sería económica e da precariedade laboral na que se volvería sumir en caso de voltar. Por parte de E7, a razón para o non retorno sería a falta de oportunidades laborais do seu sector de formación. Empregada habitualmente en organizacións de ámbito internacional que traballan con migrantes, non ve un nicho laboral específico nin en Galicia nin en España. Por último, o caso de E9 é o máis peculiar, pois a razón do non retorno xira entorno á sensación de estrés que rodea ao sector da medicina en España e ao rexeitamento que esta lle xera.

Como se pode observar, nos estadios de maior formación existe unha lixeira preferencia polo non-retorno a Galicia. Con todo, isto non debe provocar que se dea por feito que a decisión preferente nestes casos é o asentamento en Suíza, xa que de acordo ao mencionado por E5 e E7, o país helvético tamén lles xera un certo rexeitamento de cara a planificar a súa vida alí a longo prazo:

“Si te digo la verdad, jubilar no me quiero jubilar aquí, porque sí que es cierto que el nivel de vida es más alto que en España, pero cuando tú te jubilas aquí no te da para mantenerte en un buen nivel de vida. [...] La gente me dice que cuando te jubilas aquí no vives como vivías hasta ahora” (E5, Nivel Medio-Alto).

“Non me gustaría quedarme en Suíza moito tempo, a verdade. Esto está cambiando, porque a medida que me sinto mais cómoda aquí e establezco máis redes afectivas... claro, síntome máis cómoda. [...] Pero polo momento non me gustaría quedarme máis dun ano en Suíza. Creo que as dinámicas sociais aquí chegan ao seu fin nalgún momento. Eu véxome índome a Latinoamérica traballar, pero polo meu campo de estudos, polo meu campo profesional” (E7, Nivel Alto).

Desta maneira, incídese no feito de que as perspectivas de futuro non son un escenario dicotómico no que existan dúas únicas opcións pechadas. No caso destas dúas entrevistadas ábrese o terceiro camiño, que é o do asentamento nun terceiro país distinto aos que habitaron ata o momento.

No relativo ás perspectivas de futuro non existe demasiados estudos previos que analicen esta casuística. A pesares disto, tras a análise realizada si que se pode admitir que existe unha certa continuidade no relativo a experiencias e motivacións previas á hora de marcar este último escenario. Así, as variables sinaladas por Cuenca et al. (2014) e que contan con presenza nas entrevistas da presente investigación supoñen un piar básico sobre o que se estruturan os proxectos migratorios. Aquelas persoas que emigraron nun primeiro momento por mor do traballo continúan a valorar o factor económico-laboral como decisivo á hora de decidirse a volver. De igual maneira, aquelas persoas que buscaban satisfacción persoal a través de traballos acordes á súa especialidade formativa tamén marcan ou descartan potenciais destinos segundo as oportunidades que lle outorgan neste

sentido. Pola súa banda, as persoas que buscaban tranquilidade e calidade de vida a niveis de saúde descartan o retorno pola mesma razón pola cal abrazaron a idea da emigración.

## 5. Conclusións

O presente traballo xurdiu co obxectivo de analizar o grao de influencia que a cualificación académica e laboral posúe nas experiencias da emigración galega na actual Suíza. Tratábase así de poñer en cuestión a idea xeneralizada da emigración actual como xeración altamente formada de maneira predominante. Neste contexto, o sector de poboación emigrante con menor formación adoita quedar eclipsado e relegado a un segundo plano, representando un tipo de emigración máis propia do século XX e sen vixencia presente. Téndoo todo en conta, propoñíase como segundo obxectivo principal o de valorar o impacto que as redes migratorias suízas pasadas tiñan na actual emigración, en busca dunha posible relación entre estas e a comunidade menos formada.

Para tratar este amplo abano de variables e situacións, propuxéronse un total de 4 obxectivos secundarios que trataran de abarcar o total do proceso migratorio de cada persoa. Así, aparecen metas específicas a abordar: a traxectoria previa a emigrar, as motivacións para facelo, a adaptación ao novo entorno xeográfico e social e as perspectivas que cada persoa poida ter. Para abordar estes obxectivos, formulouse unha metodoloxía cualitativa baseada en entrevistas semiestruturadas. Nun plano xeral, poderíase dicir que ditos obxectivos secundarios quedaron resoltos de maneira satisfactoria, dando lugar a resultados que poden dar paso a unhas conclusións globais.

No relativo á traxectoria previa á emigración, apréciase entre as persoas entrevistadas diferenzas no relativo ao manexo de idiomas. Máis alá do xa descrito nivel de estudos, a o dominio de linguas estranxeiras representa un hándicap para as persoas de menor formación, as cales se amosan menos seguras á hora de desenvolverse fluidamente nelas. A maiores, tamén se aprecia un importante papel xogado pola comunidade galega en Suíza á hora de servir como primeiro contacto co futuro país de acollida. A este respecto, as persoas de menor cualificación presentan un maior contacto coa diáspora galega en Suíza, sendo a emigración máis formada a que non menciona demasiado contacto familiar previo co país helvético. Pola súa banda, no relativo ás experiencias laborais antes de emigrar, apréciase unha importante presenza da descualificación en todas aquelas persoas con formación especializada, xa sexan de maior ou menor cualificación.

En segundo lugar, tratouse de profundar nas motivacións que levan a esta comunidade a emigrar a Suíza. A este respecto, e en relación coa mencionada descualificación, case a totalidade das persoas entrevistadas argumentan emigrar por motivos económicos ou

laborais. Unha boa parte das persoas entrevistadas (de distinto nivel de formación) menciona ter estado empregadas en oficios de baixa cualificación, principalmente relacionados coa hostalería. Así, as malas condicións laborais supoñen un punto de partida á hora de estruturar unha serie de razóns para emigrar. Entre estas, poden salientarse as gañas de coñecer outros países ou a de buscar certa tranquilidade persoal. A este respecto, cabe salientar como as persoas con maior formación académica argumentan buscar metas de carácter quizais máis inmaterial. Se ben a estabilidade é un concepto mencionado en moitas ocasións nas entrevistas, o certo é que fenómenos como poden ser o esgotamento e descontento con certas formas de traballar e actuar no país de orixe aparecen no Nivel de formación Alta.

Unha vez analizada a traxectoria previa a emigrar e as motivacións que levan a facelo, cómpre entrar a ver cal é a adaptación da comunidade emigrante unha vez establecida en terras suízas. Neste sentido, existen diferenzas entre persoas de maior ou menor formación, dependendo dos motivos principais ou secundarios que mencionan á hora de adaptarse ao país helvético. Cómpre salientar que o sector de poboación menos formado presenta unha maior relación coa comunidade de orixe, mentres que o sector máis formado presenta un menor contacto con esta e un maior coa comunidade local de acollida. A raíz disto, os distintos grupos que na comunidade emigrante se forman debido á formación atópanse encadradas nun contexto ou noutro, dentro dos cales priman unha serie de factores ou outros. Así, a lingua xoga un papel primordial dentro da comunidade cun maior nivel formativo, pois está en maior contacto coa comunidade francófona ou alemanfalante. No eido contrario, as persoas con menor formación valoran máis factores como o verse estabilizados e seguros a nivel económico no estranxeiro para chegar a certo nivel de adaptación.

No relativo ao traballo realizado durante o período migratorio, a descualificación volve aparecer como un fenómeno de importante presenza. Se no período previo a emigrar varias persoas mencionaban que levaran a cabo desempeños laborais por debaixo do seu nivel de formación ou fóra da súa área de especialización, no período de establecemento en Suíza a descualificación descóbrese outra vez como unha realidade novamente presente. Así, xorden entrevistas nas que o sector da limpeza ou a hostalería volven aparecer como oficios recorrentes para lograr ingresos de xeito sinxelo. Neste sentido, a visión da descualificación é vista de distinta maneira ca en Galicia, xa que mentres no país de orixe o traballo non-cualificado era visto como precario e con escasas

posibilidades de ascenso social, en Suíza é visto como un mal menor ben remunerado e que funciona como punto de partida para escalar laboralmente noutros sectores.

Por último, no referente ao obxectivo secundario relativo aos plans de futuro, a cantidade e disparidade de discursos é notable. Como punto de partida, é importante mencionar como as motivacións iniciais volven aparecer como detonante do posible retorno. Así, as persoas que primaban o económico ou a tranquilidade persoal continúan a destacar estes factores como principais de cara a pensar no retorno. Porén, co pasar dos anos, variables como a descendencia ou a familia tamén aparecen como condicionantes á hora de pensar en voltar á terra de orixe. Así mesmo, cómpre non entender o retorno como o futuro da emigración como un estadio dicotómico no que só caben dúas posibilidades (retorno a Galicia ou asentamento en Suíza), senón que varias das persoas entrevistadas mencionan terceiros destinos como futuros países nos que estableceréense.

A modo de conclusión, poderíase dicir que si existen dúas realidades paralelas en función da formación previamente adquirida polos individuos. Se ben a emigración formada se presenta como predominante en xeral, o certo é que, a falta de estatísticas que o contrasten, en Suíza existe un importante volume de persoas de baixa cualificación. Estas, móvense en entorno máis “galegos” ou “españóis” que os seus contemporáneos de alta formación, e dependen en maior medida dos recursos materiais e inmateriais que esa comunidade de orixe lle pode outorgar. En cambio, os estratos de maior formación dentro da emigración galega si que se adecúan aos estándares e características asociadas á xeración perdida ou *fuga de cerebros*. Canto menor é a formación, semella que maior importancia cobra o factor puramente económico e as relacións persoais coas persoas da súa mesma orixe. En cambio, canto maior é a formación, máis parecen importar aspectos como a adaptación ao entorno local e o saber desenvolverse nun panorama cosmopolita.

A emigración ten unha longa tradición de estudo, sendo numerosas as etapas, fluxos e características asociadas a ela. Con todo, en moitas ocasións semella estudarse como un fenómeno de compartimentos estancos, nos que os distintos períodos non teñen influencia entre si e as realidades migrantes son homoxéneas máis alá do contexto particular. Así, o presente traballo pretende demostrar como o pasado ten un impacto no futuro e como a realidade presente se atopa chea de matices e particularidades dignas de estudo.

## 6. Bibliografía

- Alaminos, A. & Santacreu, O. (2010). La emigración cualificada española en Francia y Alemania, *Universidad de Alicante. Instituto Universitario de Desarrollo Social y Paz* 95, 201-211.
- Alegre, M., Benito, R. (2009). Los factores del abandono educativo temprano. España en el marco europeo. (Revista de educación, número extraordinario), 65-92.
- Álvarez, G. (1995). *La migración de retorno en Galicia (1970-1995)*. (Tese doutoral). Universidad Complutense de Madrid, Madrid.
- Consello da Cultura Galega (27 de outubro de 2021). *O caso de Suíza. Sección III Estudos de caso. Construindo unha nova axenda de investigación* [Arquivo de vídeo]. Recuperado de:  
[https://www.youtube.com/watch?app=desktop&v=eyUshS8rJcI&ab\\_channel=ConsellodaCulturaGalega](https://www.youtube.com/watch?app=desktop&v=eyUshS8rJcI&ab_channel=ConsellodaCulturaGalega)
- Domingo, A., Sabater, A., Ortega, E. (2014). ¿Migración neohispánica? El impacto de la crisis económica en la emigración española. *Revista de Metodología de las Ciencias Sociales*, 29, 39-66.
- Farraco, C., Castillo, E., Krausslach, M. & Montero, M. (2013). Aproximación a la situación de la ciudadanía española en Alemania. *Colectivo de Estudios e Intervención Social (CEIS). Informe 1ª fase*.
- Gañza, A. (2006). La entrevista en profundidad individual. En Canales, M., *Metodologías de Investigación Social* (219-263), Santiago: LOM Ediciones.
- Gómez- Frías, R. (2017). *Razones para emigrar de los jóvenes españoles: consumo de los medios de comunicación y variables psicosociales*. (Tese de doutoramento). Universitat de València. Comunitat Valenciana.
- González-Ferrer, A. (2013). La nueva emigración española. Lo que sabemos y lo que no. *Zoom Político*.
- Graham, C., Markowitz, J. (2011). Aspirations and happiness of potential Latin American immigrants. *Journal of Social Research & Policy*, 2, 9-25.



- Gualda, E. (2001). Los procesos de integración social de la primera generación de «Gastarbeiter» españoles en Alemania. Huelva: Servicio de Publicaciones de la Universidad de Huelva.
- INE. (2022). Clasificación de estudios. Madrid: Instituto Nacional de Estadística. Recuperado de: <https://www.ine.es/daco/daco42/discapa/tar3.pdf>
- INE. (2022). Clasificación nacional de ocupaciones. Madrid: Instituto Nacional de Estadística. Recuperado de: <https://www.ine.es/daco/daco42/condivi/clasifica.pdf>
- INE. (2022). Definición de migrante. Madrid: Instituto Nacional de Estadística. Recuperado de: <https://www.ine.es/DEFIne/es/concepto.htm?c=4595&op=30277&p=1&n=20>
- INE. (2022). Nivel de formación de la población adulta por grupos de edad. CNED-2014. Madrid: Instituto Nacional de Estadística. Recuperado de: <https://www.ine.es/jaxiT3/Tabla.htm?t=12726>
- INE. (2022). Ocupados por sexo y ocupación. Valores absolutos y porcentajes respecto del total de cada sexo. Recuperado de: <https://www.ine.es/jaxiT3/Tabla.htm?t=4768&L=0>
- Kreienbrink-Herrero, A. (2000). Aspectos de la inmigración española, portuguesa e iberoamericana en Alemania. *Estudios migratorios*, 10, 109-129.
- Organización Mundial para las migraciones. (2019). Sobre la migración. Recuperado de: <https://www.iom.int/es/migration/sobre-la-migracion>
- Ortega, E., Domingo, A., Sabater, A. (2016). La emigración española en tiempos de crisis y austeridad. *Revista electrónica de geografía y ciencias sociales*, 20(549).
- Oso, L. (2017). ¿Nuevas criadas y porteras en París?: reactivación de los campos sociales transnacionales de la emigración española tras la crisis económica. *Migraciones*, 43, 39-63.
- Oviedo, M. (2017). *La Inmigración española en Berlín (2008-2013): los nuevos Gastarbeiter*. (Tese doctoral). Universidad Complutense de Madrid, Madrid.

- Parcero, S. (2020). *Emigrantes de onte e de hoxe: a adaptación da comunidade galega a Alemaña*. (Traballo de fin de grao). Universidade da Coruña, Galicia.
- Pérez-Caramés, A. Ortega-Rivera, E., López, D., Domínguez-Mújica, J. (2018). La emigración española en tiempos de crisis (2008-2017): análisis comparado de los flujos a América Latina y Europa, *Notas de Población*, 107, 11-40.
- Picatoste, X. (2015). Análise da crise económica e dos seus efectos nos movementos migratorios hispano-suízos. *Anuario da Facultade de Ciencias do Traballo*, 6, 269-284.
- Porto, P. (2017). *Maletas de ida y vuelta. Análisis cualitativo de los flujos migratorios entre Galicia y Suíza*. (Traballo de fin de grao). Universidade da Coruña, Galicia.
- Richter, M. (2004). Contextuadizing Gender and Migration: Galiciun Immigration to Switzerland. *IMR*, 38(1), 263-286.
- Rodríguez, R. (2017). *La emigración de jóvenes universitarios españoles en el actual contexto de crisis: procesos y factores migratorios*. (Tese doutoral). Universidad de Granada, Granada.
- Rouco-Couzo, M. & Novo-Corti, I. (2016). *A migración laboral actual: expatriación empresarial ou fuga de cerebros?*, 7, 171-201. A Coruña: Anuario da Facultade de Ciencias do Traballo da Universidade da Coruña.
- Santana, A. (2013). *Fundamentos para la investigación*. Madrid: Alianza Editorial
- Valero-Matas, J., Mediavilla, J., Valero-Oteo, I., Coca, J. (2015). El pasado vuelve a marcar el presente: la emigración española. *Papeles de Población*, 83, 41-74.
- Vilar, J. (2000). Las emigraciones españolas a Europa en el siglo XX. Algunas cuestiones a debatir. *Migraciones & Exilios: Cuadernos de la Asociación para el estudio de los exilios y migraciones ibéricos contemporáneos. I.* 131-159.

## 7. Anexos

### ANEXO 1. Guión de entrevista

#### **1. Indagar no currículo e traxectoria vital previas á emigración da mocidade galega emigrada en Suíza.**

- Que grao de formación posuía no momento de emigrar?
- Posuía experiencias laborais previas a emigrar?
- Tivera algunha experiencia migratoria previa a establecerse en Suíza?
- Algún familiar ou amizade súa ten experiencias pasadas/presentes na emigración? E concretamente en Suíza?

#### **2. Afondar nos motivos que levan á mocidade galega actual a emigrar a Suíza.**

- Cal foi o motivo principal polo que decidiu emigrar?
- Por que escolleu Suíza como destino?
- Tiña algún contacto en Suíza antes de emigrar?
- Cales foron as súas primeiras experiencias laborais desde que chegou aquí?  
Como foi a túa traxectoria a partir de aí?
- Cres que o teu caso é único ou é común entre a emigración galega en Suíza?

#### **3. Analizar a adaptación ao novo entorno por parte da mocidade galega emigrada en Suíza.**

- Cre que Suíza representa un contexto cómodo para vostede a nivel persoal?  
Por que razón?
- Como de integrado/a se sente en Suíza?
- Que cree que inflúe nesa integración (se existe) e como se podería sentir máis adaptado? Cales son os factores claves para se adaptar?
- Que grao de relación tes coa comunidade galega en Suíza?
- Que status ten en Suíza como inmigrante?

**4. Coñecer as perspectivas de cara a futuro da mocidade galega emigrada en Suíza.**

- Como valora o seu entorno laboral en Suíza en comparación co que posuía en Galicia?
- Nese sentido, cales son os seus plans de futuro?
- Como valoras as posibilidades de asentamento en Suíza e de retorno a Galicia? De que depende cada unha?

**ANEXO 2. Medio e duración de cada unha das entrevistas**

Código do/a entrevistado/a	Medio empregado para a entrevista	Duración da entrevista
E1	Chamada telefónica	26 minutos
E2	Videochamada de Whatsapp	16 minutos
E3	Videochamada de Whatsapp	33 minutos
E4	Skype	36 minutos
E5	Videochamada de Whatsapp	30 minutos
E6	Videochamada de Whatsapp	21 minutos
E7	Videochamada de Whatsapp	30 minutos
E8	Videochamada de Whatsapp	47 minutos
E9	Videochamada de Whatsapp	31 minutos

Táboa de elaboración propia cos datos proporcionados polas persoas entrevistadas.